O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo.**

Exposición de motivos

No ano 2009 Portos de Galicia firmou un convenio co Concello de Poio para o acondicionamento dos peiraos de Raxó e Covelo.

Estas actuacións que incluso chegaron a ser presupostadas en varios exercicios, executándose unicamente o 10 % do conveniado.

No orzamento 2021 xa nin aparece, a pesar de terse reunido a finais do 2020 a ex delegada territorial e o director de portos cos representantes do Concello, e comprometerse a acadar un acordo, para iniciar e executar este proxecto.

O desleixo de Portos de Galicia é unha tomadura de pelo a tódolos habitantes de Covelo, que ven como logo de 11 anos o entrono do seu peirao segue practicamente igual, agás a actuación no peirao propiamente dita.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que este proxecto ten unha gran importancia para o desenvolvemento socio económico desta zona, xa que vén dinamizar ademais da actividade pesqueira, o interese turístico e de ocio.

Entendemos que neste momento, é prioritario construír un paseo marítimo, dotar o acceso dun dobre sentido de circulación, e adecuar o entorno.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 11:41:43
Nº Rexistro: 15486
Data envio: 29/04/2021 11:41:43.352

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que a través de Portos de Galicia leve a cabo un acondicionamento do paseo marítimo de Covelo, nos termos que no seu día foron acordados ou no seu defecto na forma consensuada co Concello.
2. Que durante o ano 2021 inicie a execución deste proxecto de acondicionamento do porto de Covelo.

Pazo do Parlamento, 29 de abril do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Patricia Otero Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/04/2021 11:38:26

Patricia Otero Rodríguez na data 29/04/2021 11:38:32

Julio Torrado Quintela na data 29/04/2021 11:38:41

Gonzalo Caballero Míguez na data 29/04/2021 11:38:47

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 13:40:31
Nº Rexistro: 15549
Data envio: 29/04/2021 13:40:31.571

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou en 2011 a tramitación dun proxecto para a dragaxe e rexeneración da bancos marisqueiros no río Lérez e no fondo da ría de Pontevedra, nun treito de aproximadamente 4,3 km entre o Clube Naval e Os Praceres, no que está previsto retirar aproximadamente 330.000 toneladas de lamas e outros sedimentos. O custo estimado do proxecto é de máis de 3 millóns de euros.

Despois de máis de10 anos de tramitación, o proxecto aínda non se fixo realidade. A finais do ano 2016, o daquela Presidente de Portos de Galicia reuniuse co alcalde de Pontevedra e cos portavoces dos grupos municipais para informalos das características do proxecto e dos prazos estimados para a súa realización. Naquela xuntanza, o responsábel de Portos informou da previsión de licitación do proxecto a comezos de 2018.

En xaneiro de 2017, o DOG publicou o anteproxecto da dragaxe e o estudo de impacto ambiental e abriuse o período de exposición pública para a presentación de alegacións. En relación co impacto ambiental das obras, as confrarías manifestaron a súa discrepancia coa previsión de depositar máis de 221.000 toneladas de sedimentos ao oeste da illa de Tambo e nos bancos marisqueiros ente Campelo e Combarro.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 13:40:31
Nº Rexistro: 15549
Data envio: 29/04/2021 13:40:31.571

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Demandan a modificación desta parte do proxecto, de maneira que os sedimentos se depositen en mar aberto, fóra das augas da ría de Pontevedra.

No mes de abril de 2019, Portos de Galiza anunciou a intención de cambiar a zona de vertido dos depósitos, trasladándoa ao exterior da ría. Mais non houbo noticias sobre a modificación do proxecto, sobre o orzamento e sobre o prazo para levalo a cabo. A comezos de xuño de 2019, Portos fixo pública a través dun medio de comunicación a intención de trasladar os depósitos a un punto de vertido situado na ría de Arousa, nas proximidades da illa de Sálvora, proposta que suscitou o rexeitamento unánime do sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Arousa.

No mesmo mes de xuño, o parlamento de Galiza aprobou unha proposición non de lei na que se insta á Xunta á elaboración, conforme a normativa vixente e ás directrices existentes respecto deste tipo de actuacións, dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito de materiais procedentes do dragado do río Lérez, de tal forma que se garante que estes non afectarán a ningunha das rías galegas, en especial á ría de Arousa.

Malia este acordo, tanto a conselleira do Mar como a directora de Portos de Galicia seguen defendendo publicamente a proposta de depositar os lodos na ría de Arousa e desbotan a posibilidade de retiralos e tratalos en terra polo seu alto custo e pola incidencia do tráfico de camións no centro da cidade de Pontevedra. A este respecto, a presidenta de Portos falou da necesidade de que 4.000 camións pasen polo centro de Pontevedra e a conselleira elevou a cifra a 11.000.

O pasado martes 27 de abril a directora de Portos de Galicia reuniuse coas confrarías da ría de Pontevedra e informounas de que o proxecto sufriría un novo retraso pola decisión do goberno central de non autorizar novos vertidos no depósito da ría de

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 13:40:31
Nº Rexistro: 15549
Data envio: 29/04/2021 13:40:31.571

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Arousa. Para o BNG esta declaración constitúe unha burla, unha provocación e un insulto a todas as institucións e entidades que levan una década demandando este proxecto fundamental para a rexeneración do fondo da ría e da canle do Lérez, para favorecer a navegabilidade do río e para garantir a operatividade do porto deportivo de Pontevedra. En realidade, máis ben parece unha nova escusa do goberno galego para non facer un proxecto que leva sendo adiando desde fai máis de unha década.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Impulsar no presente ano 2021 o proxecto de dragaxe do río Lérez, tomando como referencia o acordo parlamentario unánime de xuño de 2019.

2. En consecuencia co anterior, realizar durante o segundo trimestre de 2021 un estudo e unha proposta para a retirada e tratamento en terra dos lodos procedentes da dragaxe da canle do río Lérez que pola súa potencial carga contaminante ou prexudicial non sexan susceptíbeis de ser utilizados para a rexeneración doutras zonas da ría."

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Rosana Pérez Fernández

Deputada e deputado do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 13:40:31
Nº Rexistro: 15549
Data envio: 29/04/2021 13:40:31.571

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 29/04/2021 13:31:45

Rosana Pérez Fernández na data 29/04/2021 13:31:53

Xosé Luis Bará Torres na data 29/04/2021 13:32:01

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 17:17:11
Nº Rexistro: 15565
Data envio: 29/04/2021 17:17:11.470

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **María González Albert** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

Exposición de motivos

A nova Política Agraria Común avanzará un chanzo máis nas esixencias ambientais para a agricultura e a gandería. Boa parte das axudas directas ao agro estarán condicionadas a partir do 2023 ao cumprimento dos chamados ecoesquemas, que representarán para o agro compromisos adicionais en materia de protección da biodiversidade, conservación do medioambiente e loita contra o cambio climático.

O deseño dos ecoesquemas, que se encadran no pilar 1 da PAC, corresponde a cada Estado membro, se ben o Plan Estratéxico Nacional de España terá que ser refrendado por Bruxelas. Para ser aprobados pola Comisión Europea, os ecoesquemas teñen que impulsar esixencias ambientais superiores ás da condicionalidade reforzada da PAC, dentro da estratexia da denominada "arquitectura verde".

No pasado mes de Febreiro, o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación presentou ás autonomías para a súa análise unha proposta preliminar sobre os ecoesquemas, composta por nove prácticas orientadas a mellorar a sostibilidade das explotacións agrogandeiras. Pero descoñecemos se dende Galiza se avaliou a proposta e se lle deu traslado coas modificacións pertinentes para salvagardar as particularidades intrínsecas ao noso territorio e ao noso tecido produtivo primario.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 17:17:11
Nº Rexistro: 15565
Data envio: 29/04/2021 17:17:11.470

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tampouco nos ofrecen ningunha información sobre como van a protexer aos nosos gandeiros/as no modelo de coexistencia cos grandes depredadores (lobo e oso). Agora é o momento de establecer un pago ecosistémico complementario que compense a aquelas ganderías onde deban e teñan que coexistir co lobo e co oso.

Dentro desta loita a conservación do lobo é vital para o mantemento da biodiversidade ecosistémica e de conservación de hábitats. Non podemos permitirnos na Galiza a extinción de especies, a erradicación do lobo tampouco.

Pero a creación da dicotomía entre preservar o lobo e deixar matar o gando ou matar o lobo para que o gando paste tranquilo pasa por moitas opcións. A escala de grises neste caso pode funcionar.

É imposible que na Galiza do século XXI non haxa solucións non cruentas para resolver esta situación. Está sobradamente demostrado que facer batidas non resolve o problema, polo que tampouco debería selo a declaración do lobo como especie protexida. Hai moitas medidas que se poden tomar, e o diñeiro necesario para enfrontalas.

As ordes de axudas para investimento en métodos preventivos son manifestamente escasas. Na actualidade acadan os 200.000 euros anuais que dan cobertura escasamente ao 20% dos gandeiros que a solicitan, polo que é manifestamente insuficiente.

Tampouco existe un plan galego de asesoramento ás ganderías para a coexistencia co lobo e co oso. Os noso gandeiros/as descoñecen como empregar moitas das ferramentas, instalacións e estratexias de defensa fronte aos grandes carnívoros como o manexo de razas de garda e protección (mastín leonés de traballo), técnicas de

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 17:17:11
Nº Rexistro: 15565
Data envio: 29/04/2021 17:17:11.470

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

montaxe de valados electrificados adaptados á orografía e eficientes no uso dos materiais e no custe de execución, etc...

Insisto en que queda demostrado que perseguir ao lobo non resolve o problema polo que tamén hai que actuar sobre os danos que causa e aquí entran os ecoesquemas. É preciso e necesario que todo o territorio onde se asentan as camadas de lobo existentes en Galiza cos datos de censo, quede recoñecido no pago ecosistémico dentro do ecoesquema de pastoreo extensivo e non unicamente as zonas da Rede Natura.

Tanto para a prevención como para a compensación é necesario implementar unha forma máis eficaz e solidaria, de xeito que o custe que supón a convivencia do gando cos grandes carnívoros sexa asumido solidariamente por toda a sociedade e non tan só polos/as gandeiros/as.

Está demostrado que o pago individual por cabeza morta é ineficaz, dado que os prazos e as compensacións están fóra dunha posible solución para este problema.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

-Investir os fondos FEADER na posta en marcha de campañas de prevención dos ataques do lobo, dando axudas a tódalas modalidades de medidas preventivas que os gandeiros teñan a ben implantar e ofrecer un plan integral de asesoramento en materia de prevención e coexistencia para os nosos gandeiros/as.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 17:17:11
Nº Rexistro: 15565
Data envio: 29/04/2021 17:17:11.470

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Garantir a biodiversidade animal galega mantendo con boa saúde ao lobo pero tamén ás gandeirías en extensivo e aos seus animais.

-Defender a coexistencia da gandería extensiva cos grandes depredadores mediante un pago complementario ecosistémico dentro dos ecoesquema de pastoreo extensivo, pola coexistencia das actividades humanas, fundamentalmente a gandería extensiva que se desenvolven en todas as zonas do territorio galego nas que habitan os grandes carnívoros depredadores (lobo e oso), para aquelas ganderías que conviven con eles e evitar que os gandeiros/as sexan quen carguen unicamente cos custes dos posibles danos."

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 29/04/2021 17:06:18

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 17:17:11
Nº Rexistro: 15565
Data envio: 29/04/2021 17:17:11.470

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 29/04/2021 17:06:28

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/04/2021 17:06:36

Ana Pontón Mondelo na data 29/04/2021 17:06:47

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 18:04:16
Nº Rexistro: 15580
Data envio: 29/04/2021 18:04:16.267

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre os despedimentos na empresa Cándido Hermida.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O grupo de empresas Cándido Hermida é un dos máis importantes a nivel de actividade, emprego, e resultados da comarca de Ferrol. Un grupo hoxe consolidado e con actividades diversificadas entre as que sinalaremos pola súa importancia a montaxe de tendas do sector retail para diferentes clientes como Inditex ou Carolina Herrera, de establecementos turísticos, ou á construción naval, para estaleiros galegos, franceses e alemáns.

Desde o seu nacemento como unha pequena carpintaría situada na parroquia de Loira, no Concello de Valdoviño, até o día de hoxe, ven abordando continuos procesos de adaptación a novos mercados e clientes, a través da constitución e ampliación de diferentes sociedades, e de continuos cambios na estrutura de dirección.

No ano 2019 a dirección promoveu unhas negociacións coa representación do persoal coas que perseguía a fexibilización da xornada de traballo, nuns termos que provocaron un completo rexeitamento por parte do persoal, despois dun proceso de asembleas certamente multitudinarias nas que tanto representantes do persoal, como persoas a título particular, expresaron libremente as súas opinións ao respecto.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 18:04:16
Nº Rexistro: 15580
Data envio: 29/04/2021 18:04:16.267

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sen que a empresa chegara a aplicar ningunha medida, apareceu o COVID19, a caída da actividade e os ERTES EXPRÉS por forza maior, nos que, por obra e gracia do goberno máis progresista da historia, as empresas poden aplicar as medidas que estimen oportunas sen necesidade de pactalas coa representación do persoal, polo que de xeito unilateral a dirección de Cándido Hermida impuxo suspensións de contratos ao persoal de todas as sociedades do grupo, e aplicou tamén unilateralmente uns calendarios de traballo sen practicamente rotación, absolutamente descompensados, que favoreceron a unhas persoas en detrimento de outras.

Ao mesmo tempo promoveu a negociación de ERTEs por causas obxectivas para a súa aplicación a partir do momento en que rematara a vixencia dos ERTEs por forza maior.

O feito de ter que negociar unhas medidas a futuro, sen vontade por parte da empresa de aplicalas en substitución dos ERTEs por forza maior, sen compensar prestacións de desemprego, nin o diferente tempo de afectación que o persoal traía acumulado, provocou crispación e rexeitamento das medidas, que novamente foron expresadas no transcurso de numerosas asembleas.

Finalmente durante o mes de abril de este 2021, e unha vez iniciado o proceso electoral en unha das sociedades, a empresa ven de comunicar a un grupo de entre 20 e 30 persoas, o seu cesamento por causas económicas.

As persoas despedidas son todas elas persoas que dun xeito ou de outro significáronse publicamente no seu rexeitamento ás medidas, entre elas dous candidatos da CIG, e algún ex-representante legal do persoal, tamén da CIG, nun exercicio público e notorio de represalias que ofende a calquera que se considere minimamente defensor dos dereitos fundamentais das persoas traballadoras.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 18:04:16
Nº Rexistro: 15580
Data envio: 29/04/2021 18:04:16.267

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Reunirse cos representantes do persoal.

2. Promover de inmediato cantas accións resulten necesarias para lograr que o Grupo Cándido Hermida deixe sen efecto os despedimentos reincorporando ao persoal nos seus postos de traballo habituais."

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 29/04/2021 18:03:11

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 18:04:16
Nº Rexistro: 15580
Data envio: 29/04/2021 18:04:16.267

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 29/04/2021 18:03:14

Daniel Pérez López na data 29/04/2021 18:03:22

Ramón Fernández Alfonzo na data 29/04/2021 18:03:32

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 18:19:33
Nº Rexistro: 15584
Data envio: 29/04/2021 18:19:33.267

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

No ano 1992 creouse a Rede Natura 2000 no ámbito da UE, coa finalidade de converterse na principal ferramenta de conservación da biodiversidade, fixando obxectivos e protocolos de conservación dos hábitats naturais, fauna e flora e de mellorar a calidade do medio ambiente europeo.

O 20 de decembro de 2011, a Xunta emitía unha nota de prensa recollida ese día por Europa Press nos seguintes termos: "Galicia completará antes del verano su Red Natura 2000, que pasará del 12 % al 15 % del territorio".

O 2 de xaneiro de 2012, o DOG publicou o ANUNCIO do 21 de decembro de 2011, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, polo que se acordaba someter á participación do público a proposta de ampliación da rede Natura 2000 de Galicia, sinalando que:

"O día 21 de decembro de 2011 o conselleiro do Medio Rural presentou ao Parlamento a nova proposta de lugares de importancia comunitaria (LIC), dando así inicio ao procedemento de ampliación da actual rede Natura 2000 en Galicia. Desde o día seguinte, o documento quedou á disposición do público na páxina web da Consellería do Medio Rural.

A rede Natura 2000 en Galicia atópase actualmente composta por 16 zonas de especial protección para as aves (ZEPA) que representan unha superficie de máis de 101.000 ha (medios mariños e terrestres) e 59 lugares de importancia comunitaria (LIC) que abranguen unha superficie de máis de 374.500 ha (medios mariños e terrestres). De acordo coa clasificación en ecorrexións da Comisión Europea, 55 LIC adscríbense á rexión bioxeográfica atlántica e 10 á mediterránea, e seis destes espazos superficies posúen en ambas as rexións. No seu conxunto, a rede Natura 2000 ocupa unha superficie de 389.737 ha (medios mariños e terrestres).

A actual lista de lugares de importancia comunitaria (LIC) en Galicia foi considerada como insuficiente por parte da Comisión Europea, polo que é

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 18:19:33
Nº Rexistro: 15584
Data envio: 29/04/2021 18:19:33.267

preciso completar a aplicación en Galicia da Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, coa aprobación dunha nova proposta de LIC. Así, a Comisión Europea, nas súas decisións polas que se aproban as primeiras listas de lugares de importancia comunitaria (rexión bioxeográfica atlántica, Decisión 2004/813/CEE, Diario Oficial de la Unión Europea, 29.12.2004, e rexión bioxeográfica mediterránea, Decisión 2006/613/CE, Diario Oficial de la Unión Europea, 21.9.2006), estableceu para cada unha das rexións bioxeográficas e para cada estado membro as necesidades de mellora na contribución á rede Natura 2000 que se debían considerar nas futuras ampliacións, corrixindo as insuficiencias detectadas ou mellorando a información.

Transcorrido un amplo período desde a publicación pola Comisión das dúas decisións, ***é urxente iniciar os trámites para completar a rede Natura 2000 galega, e dar así cumprimento ao mandado da Comisión****".*

Nese mesmo anuncio acordábase *"Abrir un período de participación do público á proposta de ampliación da rede Natura 2000 de Galicia polo prazo dun mes, contado desde a publicación desta resolución, coa finalidade de que todos aqueles interesados que se consideren directamente afectados poidan remitir observacións e opinión"*

Ademais das decisións da UE ás que facía referencia o anuncio, hai que ter en conta o feito de que a Comisión Europea na súa resposta E 9181/2010, sinalaba o seguinte: "En lo que respecta a la Directiva sobre hábitats y a la protección de las especies y tipos de hábitat de interés comunitario, la Comisión ha detectado dos tipos de hábitat de interés comunitario que no están representados en medida suficiente en el territorio de Galicia incluido en la región biogeográfica atlántica. Por lo tanto, el Reino de España debería designar como LCI varias zonas más para cubrir las insuficiencias observadas en Galicia.La Comisión no ha recibido hasta ahora ninguna propuesta de ampliación de los LIC en Galicia. Tampoco se han notificado a la Comisión los planes de conservación u otros instrumentos de conservación de los lugares de la red Natura 2000 situados en Galicia".

Un mes máis tarde publicábase un novo anuncio no DOG, ampliando o prazo de información pública, sen que soubésemos nada máis daquela ampliación nos anos posteriores.

Xa no ano 2014, a Xunta de Galicia aprobou o Plan director da Rede Natura 2000, que foi obxecto de críticas por parte da Comisión Europea, por entender que as medidas de conservación recollidas son "demasiado vagas e

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 18:19:33
Nº Rexistro: 15584
Data envio: 29/04/2021 18:19:33.267

indeterminadas e non ofrecen suficiente claridade para a súa aplicación" polo que "non se pode considerar que o plan director da Rede Natura 2000 en Galicia sexa unha ferramenta suficiente".

O informe da organización ecoloxista WWF (unha das máis importantes e recoñecidas do mundo) sobre a Rede Natura 2000 publicado no ano 2016 – perfectamente vixente na actualidade dado que a situación non mellorou desde entón- situaba Galicia como unha das 4 comunidades con peores deficiencias na Rede Natura de España, sinalando a responsable de Rede Natura de WWF nesas datas respecto do Plan director de Galicia que "Es, con diferencia, la peor planificación. Muchos coincidimos en que ni siquiera se le puede llamar plan de gestión" (sic).

En xullo de 2017, a entón conselleira de Medio Ambiente anunciou que a Xunta de Galicia estudiaba ampliar a Rede Natura 2000 por considerar que supón unha oportunidade de desenvolvemento sostible para os concellos.

En conclusión, cando a Axenda Verde Europea prioriza a transición ecolóxica non só na teoría senón na propia estrutura dos fondos europeos, a situación do principal instrumento de conservación de Galicia, como é a Rede Natura, resulta, por tanto, dantesca e contraria ás tendencias de España, Europa e o mundo e a Xunta leva unha década sen proceder a ampliar a Rede Natura de Galicia a pesar de que:

1. A superficie terrestre incluída nela, que non chega ao 12 %, é menos da metade da incluída en todo o Estado, 27,35 % segundo datos oficiais. Se consideramos a superficie mariña protexida, a desproporción é aínda superior.

2. Hai xa unha década que a Comisión Europea considerou necesaria a ampliación.

3. A propia Xunta anunciou a ampliación en 2011 e 2017, considerándoa URXENTE xa no 2011.

4. O único instrumento de xestión da rede natura, o plan director do ano 2014, permite todo tipo de actividades e, ademais, na realidade nin sequera se aplica, estando de facto a exigua Rede Natura de Galicia practicamente desprotexida, polo que se trata dunha protección, ademais de moi escasa en canto á superficie, case inexistente na realidade.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 18:19:33
Nº Rexistro: 15584
Data envio: 29/04/2021 18:19:33.267

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Proceder con carácter inmediato a ampliar a Rede Natura 2000 dotándoa de orzamento e instrumentos normativos de xestión axeitados para garantir a súa efectiva conservación.

2º) Que, en paralelo coa ampliación da Rede Natura 2000, deseñe un plan a medio e longo prazo para captar fondos europeos asociados á transición ecolóxica que permitan compaxinar a economía e o medio ambiente das áreas incluídas na rede.

Pazo do Parlamento, 29 de abril de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 29/04/2021 17:49:55

Paloma Castro Rey na data 29/04/2021 17:50:09

Gonzalo Caballero Míguez na data 29/04/2021 17:50:18

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 16:58:42
Nº Rexistro: 15563
Data envio: 29/04/2021 16:58:42.720

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre o diñeiro que inviste a Xunta de Galiza na concertación e privatización de prazas de residencias e outros servizos sociais e as medidas que debe adoptar o Goberno galego ao respecto.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén determinada polo interese social da información requerida.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza 8 de cada 10 prazas de residencias de maiores son privadas. Delas, o 20% corresponden a DomusVI (4.737 prazas) , o principal grupo empresarial neste sector tanto en Galiza como no Estado español.

DomusVI é propietaria de 18 centros residenciais privados (a maior parte deles con prazas concertadas pola Xunta de Galiza) e xestiona 12 centros residenciais

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 16:58:42
Nº Rexistro: 15563
Data envio: 29/04/2021 16:58:42.720

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

públicos (a maior parte titularidade da Xunta de Galiza). A inmensa maioría dos seus centros teñen 150 prazas ou máis.

Síguea a Fundación San Rosendo con 59 residencias (a maior parte na provincia de Ourense), 3.253 prazas, das cales 577 concertadas (case o 18%).

Como é sabido, o noso país sitúase lonxe da rateo de prazas por cada cen persoas maiores de 65 anos recomendada pola Organización Mundial da Saúde (OMS). Fronte ao 5% que recomenda a OMS en Galiza as prazas apenas chegan a tres por cada 100 e iso, sumando todas as existentes independentemente da súa titularidade ou modelo de xestión.

É máis que evidente que a administración pública galega está a drenar inxentes cantidades de diñeiro público cara á entidades e empresas privadas. Fica por saber, canto.

Porén este sistema de privatización e concertación de prazas –que non é exclusivo das residencias de maiores-- non resulta máis económico ou rendíbel para a Xunta do que asumir a xestión directa dos servizos sociais. Así o puxo en evidencia o estudo elaborado polo IMSERSO en 2016 no que situaba o sobrecuste desta concertación no 8%.

Segundo este informe oficial cada praza nunha residencia pública de maiores custa en Galiza, de media, uns 17.998 euros ao ano e deles, o 34,55% do importe é achegado polas persoas usuarias -no caso das persoas pensionistas, o importe é restado desta prestación-. Mentres, a mesma praza nun centro concertado custa uns 18.250 euros anuais e as persoas maiores que fan uso delas pagan do seu peto arredor do 30% do importe. Neste senso, cada praza pública supón uns 11.780 euros públicos anuais de

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 16:58:42
Nº Rexistro: 15563
Data envio: 29/04/2021 16:58:42.720

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

media e cada unha das concertadas, un promedio de 12.716 euros cada ano. A diferenza media rolda, daquela, o 8%.

A esta concertación coa privada hai que engadir o bono autonomía en residencias a través do cal a Xunta de Galiza cofinancia unha praza na privada a aquelas persoas que tendo dereito a unha praza en residencia pública –de acordo co disposto na Lei de dependencia-- se atopen en listaxe de agarda por falta de prazas. Este bono oscila entre os 490 e os 750 euros.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Canto diñeiro custa ao ano á Xunta de Galiza a concertación de prazas nas residencias de maiores?

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 16:58:42
Nº Rexistro: 15563
Data envio: 29/04/2021 16:58:42.720

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 29/04/2021 16:54:31

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/04/2021 16:54:43

Mercedes Queixas Zas na data 29/04/2021 16:54:58

Rosana Pérez Fernández na data 29/04/2021 16:55:11

Ramón Fernández Alfonzo na data 29/04/2021 16:55:19

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 16:58:42
Nº Rexistro: 15563
Data envio: 29/04/2021 16:58:42.720

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 29/04/2021 16:55:29

Iria Carreira Pazos na data 29/04/2021 16:55:36

Olalla Rodil Fernández na data 29/04/2021 16:55:43

Daniel Castro García na data 29/04/2021 16:55:51

María del Carmen Aira Díaz na data 29/04/2021 16:55:59

Noa Presas Bergantiños na data 29/04/2021 16:56:07

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/04/2021 16:56:14

María González Albert na data 29/04/2021 16:56:22

Xosé Luis Bará Torres na data 29/04/2021 16:56:31

María Montserrat Prado Cores na data 29/04/2021 16:56:40

Alexandra Fernández Gómez na data 29/04/2021 16:56:49

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 29/04/2021 16:56:56

María do Carme González Iglesias na data 29/04/2021 16:57:01

Paulo Ríos Santomé na data 29/04/2021 16:57:07

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 15593
Data envio: 29/04/2021 19:11:02.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa ao plan específico para a hostalaría e actividades características e relacionadas co turismo.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de que o Parlamento galego e a Xunta de Galiza se posicionen canto antes sobre o plan específico para a hostalaría.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia provocou unha crise sen precedentes no conxunto da economía galega, pero non afectou a todos por igual. Un dos sectores máis golpeados foi, sen dúbida, o do Turismo.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 15593
Data envio: 29/04/2021 19:11:02.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dentro das actividades características do Turismo inclúense diferentes ramas de actividade, como a restauración (servizos de comidas e bebidas) e hostalaría, actividades de axencias de viaxes e operadores turísticos. E aínda que por CNAE non se encadran dentro do Turismo, pola súaa especial vinculación á actividade turística e relación coa restauración e hostalaría, xunto a esas ramas de actividade debe incluírse a aquelas empresas cunha casuística moi concreta, como son as adicadas a prestar servizos para festas e verbenas. Empresas que van de cantineiros, polbeiras ou pirotecnias, a empresas de electricidade e de aluguer de xeradores ou carpas, que teñen en común a temporalidade da súa actividade e que esa actividade de festas e verbenas supón para elas o 80% da súa facturación anual.

Se facemos un balance da actividade de todas estas empresas ao longo do ano pasado, aquel vén condicionado pola Covid-19. Os números anuais de todas estas empresas veñen marcados polas decisións administrativas e sanitarias que afectaron ao desenvolvemento habitual e normal da actividade.

O balance anual deste sector amosa ben ás claras o forte descenso da actividade con carácter xeral, que levou aos diferentes axentes que se moven e viven do turismo a unha situación extrema, na que as medidas articuladas polo goberno central e sobre todo pola Xunta, con competencia neste eido, chegaron en moitos casos tarde e foron, con carácter xeral, insuficientes.

E así o demostran os datos que se extraen da Enquisa de Poboación Activa (EPA) relativa ao cuarto trimestre do 2020.

No cuarto trimestre do ano 2020, as actividades características do turismo en Galicia recolleron 127.419 persoas en activo, un -7,0% menos que no mesmo período do ano 2019. Os ocupados no sector turístico foron 105.037 persoas, cifra menor á do ano anterior, ao reducirse un -12,3%. Os desempregados en turismo foron 22.382

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 15593
Data envio: 29/04/2021 19:11:02.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas, o que significa unha taxa de desemprego sectorial do 17,6%, cun incremento anual de 5,1 puntos respecto ó 12,5% rexistrado no cuarto trimestre de 2019.

Os asalariados en turismo reducíronse un -13,9% neste cuarto trimestre de 2020 respecto ao mesmo período do ano anterior, e os autónomos reducíronse un -7,5%, deixando a variación anual da ocupación en turismo no -12,3%.

No cuarto trimestre do 2020, respecto ao mesmo trimestre do ano pasado, o número de ocupados nas diferentes ramas do sector turístico reducíronse dun xeito importante.

Se estes números amosaban a tendencia absolutamente negativa do sector atendendo ao balance anual, os datos de afiliación do mes de xaneiro deste ano en actividades relacionadas co turismo, eran desalentadores e confirmaban esa tendencia.

Continuaba a tendencia negativa, ao darse unha variación de - 3,8 % (- 5,2 % para o réxime xeral e - 0,9 % para o réxime de autónomos), o que supoñía un descenso total de 2.491 afiliacións en actividades turísticas.

En canto á variación anual, respecto do mes de xaneiro de 2020 tivo lugar un descenso no total de afiliacións de 11.814 respecto do ano anterior, o que representa unha variación anual dun -15,7 %. A variación repartiuse entre o réxime xeral, cun descenso de 11.219 afiliacións (variación anual dun -21,2 %) e dun descenso 595 afiliacións en autónomos (variación anual dun -2,6 %). Por sectores, o descenso de afiliacións tamén era xeneralizado. Dábase un descenso importante de afiliacións nos servizos de aloxamento, servizos de comidas e bebidas, axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes.

Aínda que en marzo houbo un descenso do desemprego no sector Servizos, hai que analizalo con cautela polo seu carácter estacional, que coincidiu coa Semana Santa.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 15593
Data envio: 29/04/2021 19:11:02.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O que permitiu que se repetira a tendencia de todos os anos malia o atípica que é a situación.

Porén, a Semana Santa, con carácter xeral, non cubriu as expectativas do sector, que acadou escasamente unha ocupación do 40%. E naquelas concretas zonas onde os números de ocupación foron mellores, relativízanse polo sector atendendo ás restricións de aforo establecidas.

E os últimos datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA) amosan uns datos de paro moi preocupantes, nos que o descenso da ocupación no primeiro trimestre do ano en termos absolutos afecta sobre todo ao sector Servizos, que perde 5.600 empregos.

O sector turístico en xeral mira cara o verán con recelo, ante as lóxicas dúbidas de que o ritmo de vacinación sexa o suficientemente alto como para ofrecer confianza ao visitante; e sobre todo, dubidan que se dean as condicións para restablecer a mobilidade, atendendo á incerteza da evolución da pandemia, tanto no contexto internacional, coma dentro do Estado Español.

O sector do Turismo en xeral, e da hostalaría en particular, despois dun ano de pandemia atópase nunha situación de profunda crise, que pode ter un efecto negativo na economía galega, se non adoptan medidas contundentes e acaídas ás necesidades perentorias do sector.

O malestar é palpábel, pola pouca intensidade das axudas, pero tamén pola falta de diálogo que unha parte importante do sector lle achaca á Xunta de Galiza. Parte do sector que non se sinte plenamente representada polos interlocutores do sector cos que o goberno galego se reúne, e que pide ser escoitada.

Así as cousas, á espera que dende o Estado cheguen as axudas comprometidas no plan de rescate empresarial anunciado en marzo, parece imprescindíbel que dende a

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 15593
Data envio: 29/04/2021 19:11:02.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xunta de Galiza se aborde xa a problemática do sector turístico, no seu conxunto, en profundidade; cunha análise abondosa pero precisa. E para acadalo devén ineludíbel escoitar a todo o sector, que é amplo e diverso.

Parece imprescindíbel implementar un auténtico plan específico dirixido a todas aquelas empresas que desenvolven actividades características do Turismo e ás que nos referimos ao principio da presente iniciativa. Un Plan con diferentes liñas e programas para non deixar a ninguén do sector fóra. Un plan ambicioso, cun horizonte temporal a medio prazo, que contería axudas directas pero, sobre todo, medidas tributarias que en moitos caso serán competencia do Estado Español.

Para que sexa realmente efectivo, ese plan debe ser consensuado cos representantes habituais do sector nas reunións mantidas co goberno galego, pero tamén con outros representantes do sector, suficientemente representativos, ben por aglutinar a un número moi considerable de empresas e negocios do sector ou ben porque, sendo menos, representan a unha parte cunhas especificidades propias.

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a vacinación das persoas que coidan dependentes nos seus fogares.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No desenvolvemento da campaña de vacinación fronte á Covid-19 a Xunta de Galiza non está a incluír, nin semella ter previsión de facelo, as coidadoras informais que atenden persoas dependentes nos seus domicilios.

Falamos, na inmensa maioría dos casos, de nais e pais como Raquel e Santi de Ourense, membros da Asociación Pequeños Superhéroes cuxo fillo, Rafa, de dous anos e medio ten un grao de discapacidade do 81% e un grao de dependencia III.

Segundo trasladaron a este Grupo parlamentario, a xustificación da Xunta de Galiza para non incorporar o seu caso como prioritario na campaña de vacinación débese a que non aparece recollido na Estratexia estatal de vacinación. Porén, outras Comunidades Autónomas como Aragón, Asturies, Castela A Mancha, Cataluña, Valencia ou as Illes Balears si que incorporaron as persoas coidadoras principais na súa planificación.

Para estas familias é moi difícil cando non imposible garantir a distancia física coas súas fillas/os ou persoas dependentes a cargo que se ven expostas a unha situación

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2021 11:01:11
Nº Rexistro: 14775
Data envio: 26/04/2021 11:01:11.599

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de risco igual que a que se pode dar nun centro residencial polo que deberían ser incorporadas como colectivo prioritario á campaña.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que razón a Xunta de Galiza non considera prioritaria a vacinación de coidadoras/es informais ou principais non profesionais na súa planificación?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/04/2021 10:58:30

María Montserrat Prado Cores na data 26/04/2021 10:58:33

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2021 11:01:11
Nº Rexistro: 14775
Data envio: 26/04/2021 11:01:11.599

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 26/04/2021 10:58:48

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2021 11:29:02
Nº Rexistro: 14781
Data envio: 26/04/2021 11:29:02.208

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, María González Albert e **Carmen Aira Díaz**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A parroquia de San Cosme de Cusanca no concello do Irixo – Ourense négase a desaparecer. E así nunha misiva desesperada dirixida ao alcalde do seu concello en 19 de agosto de 2016 solicita a súa intermediación diante do goberno galego para que se promova a reestruturación da propiedade, chamada comunmente a parcelaria.

A 24 de agosto de 2017 o presidente da Asociación de veciños da parroquia de Cusanca recibe unha amable carta do Vicesecretario Xeral da Presidencia cun si pero non que remata nun se cadra...

Esta parroquia antano florecente na súa economía con destaque no período de construción do túnel do ferrocarril, obra que fixo incrementar a súa poboación de xeito considerable e promoveu un aproveitamento agrícola intenso, encóntrase nestas últimas décadas nun decaemento que os seus mesmos veciños e veciñas se resisten a admitir.

A resultas daquelas épocas, a silicose fixo estragos entre a súa poboación e o derrubo da súa economía ao finalizaren as obras promoveu unha brutal emigración a outras zonas do estado e mesmo de Europa.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2021 11:29:02
Nº Rexistro: 14781
Data envio: 26/04/2021 11:29:02.208

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na actualidade ten unha poboación que se move e que ten esperanza no futuro pero que necesita dunha estrutura da propiedade axeitada aos tempos que corren. O seu territorio posúe unhas potencialidades extraordinarias para a agricultura, a gandaría e o aproveitamento do monte. Só necesita o empuxe desa modernización antes aludida para dar o salto. A petición foi cursada e comeza a contar o tempo, ese tempo prolongado en demasía que fai destes procesos un eterno desesperar. O acordo unánime dos veciños e veciñas da parroquia avala e dá peso a esta demanda.

Trátase dunha das parroquias de Ourense con máis superficie, con terreo chan, con sete explotacións gandeiras de leite e de carne máis unha de ovino, que aproveitan os pastos existentes e as terras abandonadas. Conta con 22 aldeas con cadanseu monte veciñal e con aproximadamente 100 veciños e veciñas.

Hai menos dun mes volveron cursar petición na Consellería de Medio Rural e están á espera de resposta á mesma.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o posicionamento do goberno galego sobre da petición do proceso de reestruturación parcelaria da parroquia de S. Cosme de Cusancas ?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2021 11:29:02
Nº Rexistro: 14781
Data envio: 26/04/2021 11:29:02.208

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 26/04/2021 11:25:50

Noa Presas Bergantiños na data 26/04/2021 11:25:54

María González Albert na data 26/04/2021 11:26:03

María del Carmen Aira Díaz na data 26/04/2021 11:26:11

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2021 12:07:04
Nº Rexistro: 14786
Data envio: 26/04/2021 12:07:04.505

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Ramón Fernández Alfonzo, Luis Bará Torres e **Paulo Ríos Santomé**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a adxudicación dos novos contratos de transporte, o servizo de comunicación intercomarcal de autobuses sufriu un empeoramento na comarca das Mariñas, e as conexións coa Coruña e Ferrol, que leva meses provocando as queixas das persoas usuarias sen que, polo momento, fosen escoitadas as súas demandas nin se lles dese solución.

As modificacións nos contratos levou aparellada unha redución das frecuencias en moitos destes servizos, sobre todo nas fins de semana. Ademais estes cambios e reducións de liñas, xunto coas mudanzas improvisadas de horarios, están provocando problemas para o estudantado do ensino non obrigatorio que utiliza o autobús para os seus desprazamentos a Betanzos ou á Coruña.

A todo isto temos que engadir a deficiente información que desde a Xunta se fixo e se segue a facer destas modificacións. A páxina web de referencia para a información sobre o servizo de autobús en Galiza, bus.gal, non recolle algunhas das liñas, paradas e horarios que actualmente as compañías adxudicatarias veñen facendo e non se corresponde coa información que hai nas propias paradas de autobús, nos casos

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2021 12:07:04
Nº Rexistro: 14786
Data envio: 26/04/2021 12:07:04.505

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nos que hai información dalgún tipo, o que se traduce nun máis que deficiente servizo público.

Todas estas deficiencias provocan unha situación caótica que dificulta moito o uso do transporte público, un servizo do que ademais fan uso maioritariamente os colectivos máis febles, mulleres ou persoas migrantes, ademais de mocidade en idade escolar.

Segundo as novas recollidas polos medios de comunicación, os concellos afectados recolleron todas estas queixas e trasladáronas á Xunta de Galiza, mais polo de agora segue sen actuar para resolver esta situación.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións contempla a Xunta para corrixir as demandas dos usuarios sobre os problemas de reducións de frecuencias e paradas, así como de falta de información da plataforma bus.gal, na comarca das Mariñas e nas súas conexións coas cidades da Coruña e Ferrol?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Ramón Fernández Alfonzo

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2021 12:07:04
Nº Rexistro: 14786
Data envio: 26/04/2021 12:07:04.505

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 26/04/2021 12:05:28

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/04/2021 12:05:32

Paulo Ríos Santomé na data 26/04/2021 12:05:40

Xosé Luis Bará Torres na data 26/04/2021 12:05:47

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14836
Data envio: 26/04/2021 16:02:12.119

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Iria Carreira Pazos** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tanto na Estratexia Estatal de Vacinación fronte á Covid19 coma no Plan de Vacinación da Xunta de Galiza estableceuse a progresiva administración da vacina a grupos de poboación de acordo con criterios de risco de contaxio por estar en primeira liña de loita contra o virus, desenvolver actividades esenciais, grupos vulnerábeis, e logo grupos de idade.

No grupo 3. "Outro persoal sanitario ou sociosanitario", no apartado 3.B encádranse as persoas en activo non incluídas na categoría de primeira liña (grupo 2) que traballan en centros establecementos sanitarios e sociosanitarios. Priorizaranse de maneira específica, en función do risco de exposición a pacientes COVID-19 ou ao risco de transmisión. Así, no apartado 3B están:

-Persoal dos servizos de saúde pública implicados na xestión e resposta á pandemia non fora vacinado no grupo 2.

-Persoal sanitario e sociosanitario non vacinado con anterioridade, incluíndo servizos de inspección sanitaria, medicina legal e forense, consultas

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14836
Data envio: 26/04/2021 16:02:12.119

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

médicas privadas, servizos de axuda a domicilio, centros de menores e centros de día ou equivalentes, así como estudantes sanitario e sociosanitario que realicen prácticas clínicas.

-Persoal sanitario dos seguintes colectivos: fisioterapeutas e terapeutas ocupacionais,persoal de oficinas de farmacia, protésicos dentais, logopedas e persoal psicoloxía clínica. O resto do persoal sanitario vacinarase máis adiante.

-Traballadores de institucións penitenciarias (IIPP).

@s profesionais que realizan a súa actividade nas Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UAD) denuncian que, a pesares de que están incluíd@s neste grupo, só teñen recibido a inmunización completa (dúas doses) arredor do 30%, unha porcentaxe similar teñen recibido unha soa dose, e están sen vacinar outro 30%.

As Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UAD), teñen a máis de 13.000 persoas a tratamento na actualidade. Manifestan a súa preocupación dado que atenden a doentes especialmente vulnerábeis e que nunha boa porcentaxe mostran pouca predisposición ao cumprimento de normas, que na actual situación de pandemia tradúcese en déficits de protección e distanciamento, o que agrava o risco de contaxiar e ser contaxiad@s.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para a resposta oral en Pleno:

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14836
Data envio: 26/04/2021 16:02:12.119

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a razóns de que a Xunta non teña vacinado á totalidade do persoal das Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UAD)?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 26/04/2021 15:58:43

María Montserrat Prado Cores na data 26/04/2021 15:58:47

Olalla Rodil Fernández na data 26/04/2021 15:58:56

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2021 17:28:39
Nº Rexistro: 14854
Data envio: 26/04/2021 17:28:39.525

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A implantación de escolas infantís nos centros de traballo, xera moitísimas vantaxes, e constitúe unha medida positiva cara á conciliación, e que derivan, entre outras cuestións, nunha redución do absentismo, un aumento da motivación e da produtividade, a mellora da planificación, a diminución da ansiedade, a mellora da comunicación, o aumento da calidade e tempo de descanso, etc.

A Consellería de Política Social ten convocado axudas para promover a construción de escolas infantís en polígonos industriais, condicionadas ao cumprimento dunhas determinadas condiciones mínimas.

Pero polo contrario, a Xunta de Galicia conta con escasos espazos dedicados a escolas infantís nos seus propios centros de traballo máis importantes.

Cabe mencionar nomeadamente que o Complexo de San Caetano non conta con tales servizos, pese ao numeroso persoal que presta o seu traballo nestas dependencias na capital da nosa comunidade, o que contrasta con outros centros da propia Administración autonómica que cun menor número de persoal contan con tales servizos.

A Axencia Galega de Servizos Sociais convoca anualmente un procedemento de adxudicación de prazas para fillos e fillas do persoal da Xunta de Galicia, pero como pode comprobarse, unicamente os complexos administrativos autonómicos de Vigo e Pontevedra están dotados de escolas infantís nas súas propias dependencias, pero non acontece o mesmo no resto, nos casos que recolle a resolución das cidades de Santiago, A Coruña, Ferrol, Lugo e Ourense.

A Xunta de Galicia ten que dar exemplo a moitas empresas privadas e implantar os servizos de escolas infantís nos seus propios centros de traballo máis importantes, cuestión que debe contar coa participación e colaboración das organizacións sindicais máis representativas, e na que se incluiría unha previsión sobre os tempos concretos e investimentos necesarios cara á súa efectiva implantación, que debe facerse efectiva neste mandato.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2021 17:28:39
Nº Rexistro: 14854
Data envio: 26/04/2021 17:28:39.525

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Comparte o Goberno galego que a implantación de escolas infantís nos centros de traballo, xera moitísimas vantaxes?

Pazo do Parlamento, 26 de abril do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Marina Ortega Otero
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/04/2021 17:18:12

Marina Ortega Otero na data 26/04/2021 17:18:19

Pablo Arangüena Fernández na data 26/04/2021 17:18:28

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2021 17:56:28
Nº Rexistro: 14883
Data envio: 26/04/2021 17:56:28.462

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A actividade e xestión forestal desenvolvida polas persoas propietarias forestais é un proceso resultante dos propios intereses e circunstancias persoais, xunto coa propia dinámica económica e territorial da súa localización limitada en moitos casos por determinados condicionantes administrativos.

Os/as propietarios/as e/ou xestores forestais élles necesario un asesoramento técnico, asistencia que debe fundamentarse nunha administración próxima co fin de realizar actividades sostibles e multifuncionais dentro do marco do desenvolvemento rural.

Os distritos forestais deben ser vistos polas persoas titulares dos montes como oficinas de asesoramento apoio á xestión técnica, servizo de formación, de información, de educación, así como tamén de inspección das axudas.

A actual organización administrativa e o peso de determinadas actividades no conxunto de traballos realizados polo persoal dos distritos forestais entre os que se atopa a inspección de curtas, co consecuente asesoramento previo técnico e profesionalización aos propietarios de montes non se reflicte en que numerosos piñeirais, están a ser cortados contrarreloxo para deixar sitio aos eucaliptos, en previsión de que a moratoria de plantación desta especie que entrará en vigor as próximas semanas.. Hai quen sinala a actual situación como produto do deixamento administrativo desde hai anos. “os propios propietarios e maderistas confirman nos medios de comunicación que están talando piñeiros incluso antes de chegar ao seu estado óptimo para plantar eucaliptos. Isto é demencial, un despropósito”.

A correcta xestión dos recursos forestais e naturais require persoal adecuadamente formado en materia de incumprimentos en materia que viren contorna á xestión forestal sostible, e no territorio onde se desenvolve esta actividade con persoal que dispoña dos coñecementos sobre o territorio forestal en aspectos tanto ambientais como de produtos forestais. A pesar de que os axentes facultativos ambientais e forestais conviven co medio natural galego,

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2021 17:56:28
Nº Rexistro: 14883
Data envio: 26/04/2021 17:56:28.462

débese incorporar medios específicos en relación cos posibles incumprimentos normativos, como o está demandando a sociedade galega, acrecentada nestes momentos pola gran cantidade de curtas que se están realizando, co fin de substituír as especies que poboan estes predios na actualidade, por *Eucalyptus nitens*.

Sen detallar as causas e circunstancias que están a acontecer sobre esta situación, aínda que a día de hoxe moitas viran ao redor da próxima moratoria do eucalipto, non se poderán tomar as adecuadas medidas para o eficaz cumprimento da normativa vixente, sen que se cren estas brigadas de investigación de incumprimentos. Saber as actuacións que se están desenvolvendo sobre o medio forestal é fundamental para poder determinar os seus efectos e mitigar aqueles que poidan causar un forte impacto paisaxístico e ambiental. Esta afirmación adquire maior peso en Galicia, onde a problemática ambiental e socioeconómica das actuacións forestais ten unha repercusión directa na poboación.

Polo que se deberá de dispoñer de persoal especializado en materia de investigación de incumprimentos forestais para unha adecuada vixilancia, detección incumprimentos en materia forestal.

A investigación de incumprimentos en materia forestal precisa duns equipos técnicos operativos de forma permanente, atendendo á multitude de procesos que poden desencadearse. Estarán integrados por axentes facultativos ambientais ou axentes forestais en cada distrito co obxectivo de reforzar a vixilancia e acoutar os posibles incumprimentos.

Será necesario dotar a estes equipos, ferramentas e medios necesarios para os labores de investigación de incumprimentos en materia forestal (localización da parcela, avaliación das súas limitacións ambientais, clasificación catastral, , etc.).

Para iso, proponse:

1) Considerarase de forma planificada e continuada como unha actividade de extensión forestal realizada a través dos distritos forestais como entidades máis próximas ou de referencia para o propietario ou xestor de montes.
2) Formación adecuada dos equipos encargados da investigación dos incumprimentos.
3) Deberá de haber un mínimo de 2 axentes asignados por distrito forestal a estas funcións de investigación de incumprimentos.
4) Normalización das sancións nos procedementos administrativos.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2021 17:56:28
Nº Rexistro: 14883
Data envio: 26/04/2021 17:56:28.462

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Para cando ten prevista a Consellería do Medio Rural a creación das Brigadas de Investigación de Incumprimentos Forestais (BIIF) por Distrito Forestal?

Pazo do Parlamento, 26 de abril do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/04/2021 17:50:00

Martín Seco García na data 26/04/2021 17:50:08

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2021 10:10:40
Nº Rexistro: 14911
Data envio: 27/04/2021 10:10:40.424

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O venres 23 de abril o Grupo Parlamentario Popular, acompañado do conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, anunciaba aos medios de comunicación que realizarían unha visita á Catedral e ao Pórtico da Gloria, unha vez que o 14 de abril se reanudase este programa de visitas.

Segundo anuncia a propia Catedral de Santiago na súa páxina *web* (e aos medios de comunicación días previos ao 14 de abril), a visita ao Pórtico farase de maneira libre e individual, conformando grupos limitados a un máximo de 20 persoas, previa retirada presencial de entradas no Museo da Catedral e cun máximo de 2 convites por persoa.

É, deste xeito, posible coñecer o Pórtico da Gloria, mais non é doado e moito menos facelo en grupo, como así nos traslada algunha asociación compostelá, que aínda non obtivo resposta á súa pretensión.

Por esta razón sorprende que o pasado venres o Grupo Parlamentario Popular e o conselleiro de Cultura fosen capaces de conseguir o que non é en absoluto doado para a cidadanía. É aínda máis sorprendente que nesta visita, dun grupo parlamentario concreto, participase o conselleiro de Cultura en calidade do seu cargo no Goberno galego (así foi comunicado aos medios de comunicación) e non como un deputado máis do Partido Popular.

Non quixeramos pensar que esta nova visita do conselleiro no prazo dunha semana ao Pórtico da Gloria tivo lugar porque na primeira, o 14 de abril, a Xunta de Galicia esqueceu atribuírlle á Fundación Barrié a autoría das obras de rehabilitación do Pórtico da Gloria, unha cuestión na que, non obstante, insistiu moito este pasado venres.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

A visita do Grupo Parlamentario Popular e do conselleiro de Cultura ao Pórtico da Gloria respondeu a unha estratexia ideada polo Goberno galego para emendar un erro de comunicación unha semana antes?

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2021 10:10:40
Nº Rexistro: 14911
Data envio: 27/04/2021 10:10:40.424

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSG PSOE

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 26/04/2021 17:08:18

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/04/2021 17:08:33

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2021 10:14:50
Nº Rexistro: 14917
Data envio: 27/04/2021 10:14:50.658

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Luis Bará Torres e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o novo emprazamento do Imelga en Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No remate do ano 2020 anunciouse a previsión de construír unha nova sede do Instituto de Medicina Legal de Galiza (Imelga) en Santiago de Compostela, que acollese a dirección desta institución, así como a subdirección territorial de Santiago de Compostela, atendendo a unha necesidade histórica. Este edificio contaría ademais con oficinas, consultas, espazo para arquivos e para o acceso de furgóns ou cámaras frigoríficas mortuorias, entre outras dependencias, ademais de varias salas de autopsias.

Non obstante, o seu emprazamento está a suscitar un importante malestar entre a veciñanza do barrio compostelán das Fontiñas, onde se planifica a construción desta infraestrutura. As primeiras previsións do goberno local apuntaban á cesión dunha parcela no parque Begoña Caamaño, mais o importante rexeitamento das habitantes da zona obrigou á alcaldía a reformular esta planificación.

Mais contra todo prognóstico, e habendo outras parcelas municipais dispoñibles, o goberno local acabou por ceder gratuitamente o pasado 19 de abril unha parcela situada nunha zona residencial do mesmo barrio das Fontiñas. Esta decisión tomouse sen atender á opinión da veciñanza e lonxe de calquera vocación de acordo ou diálogo.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2021 10:14:50
Nº Rexistro: 14917
Data envio: 27/04/2021 10:14:50.658

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre ter en conta que, aínda compartindo a necesidade do Imelga de posuír unha nova localización en Santiago de Compostela, non se atopa entre as necesidades sociais do barrio das Fontiñas que acumula o 10% da poboación do municipio e no que urxen outros investimentos sociocomunitarios, como un centro de día ou unha ampliación do centro sociocultural.

Neste sentido, o BNG xa ten manifestado a posibilidade de utilizar outras parcelas máis afastadas de zonas residenciais e que non supoñen este malestar entre a veciñanza. Esta opción é factíbel atendendo ao prazo de seis meses que se abre para que a Xunta de Galiza acepte esa localización, e tamén porque o Concello posúe parcelas municipais noutras zonas do municipio, algunhas delas moito máis afastadas de zonas residenciais.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Dado a situación, cales son as medidas previstas desde a Xunta de Galiza para solucionar esta problemática coa veciñanza compostelá e procurar unha nova localización para o Imelga en Santiago de Compostela?

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2021 10:14:50
Nº Rexistro: 14917
Data envio: 27/04/2021 10:14:50.658

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 27/04/2021 10:13:36

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/04/2021 10:13:39

Xosé Luis Bará Torres na data 27/04/2021 10:13:50

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2021 12:37:11
Nº Rexistro: 14977
Data envio: 27/04/2021 12:37:11.143

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres e **Paulo Ríos Santomé**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello da Pobra do Brollón atópase no suleste da provincia de Lugo e limita ao norte co Concello de O Incio. Dende o núcleo urbano da Pobra parte unha estrada autonómica que permitiría vertebrar ao propio concello e comunicalo coa localidade de Hospital no Concello do Incio, a LU-653.

Nestes momentos o seu estado dentro do Concello é próximo a intransitable, mellorando ao pasar o límite do Concello, pero sen estar tan pouco en óptimas condicións.

A cuestión é que dentro do propio municipio hai numerosas parroquias e lugares que contan cun dificultosísimo acceso dende a capitalidade do Concello por causa dunha estrada cun asfalto moi deteriorado.

Estas poboacións están ao borde da incomunicación e os seus habitantes non contan coa mínima seguridade vial, xa que nos meses de inverno ás estreitura do vial, ás curvas abundantes, ó mal estado do asfalto súmanse ás inclemencias meteorolóxicas como a neve e a xeada, cuestións estas que comprometen a seguridade das persoas.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2021 12:37:11
Nº Rexistro: 14977
Data envio: 27/04/2021 12:37:11.143

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A pesares das iniciativas e demandas presentadas dende a Alcaldía da Pobra de Brollón as últimas informacións coas que contan é que se está valorando levar adiante o proxecto ao longo deste ano, cuestión esta que non sendo negativa tampouco abonda para resolver un problema moi principal para a poboación do Concello da Pobra do Brollón.

En resumo, un asunto de incomunicación por estrada que afecta a 10 parroquias e 3 lugares e a 750 habitantes, debe ser tido en conta canto antes para proceder á súa resolución inmediata.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta tomar as medidas que melloren o estado no que se atopa a estrada LU-653, esencial para a vertebración socioeconómica da Pobra do Brollón, entre a capitalidade do concello e a localidade de Hospital no veciño concello de O Incio?

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2021 12:37:11
Nº Rexistro: 14977
Data envio: 27/04/2021 12:37:11.143

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 27/04/2021 12:34:21

Paulo Ríos Santomé na data 27/04/2021 12:34:24

Xosé Luis Bará Torres na data 27/04/2021 12:34:29

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15088
Data envio: 27/04/2021 16:21:29.612

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os GDR da costa galega conflúen cos GALP, tendo moi delimitadas as competencias de ambos. Os GDR non pode subvencionar proxectos vinculados ao peixe o os GALP non poden actuar en concellos sen costa marítima. Esta distribución obedece ao razoamento lóxico, a priori, de que cada quen vaia ao seu.

Na práctica supón que concellos do interior dos GDR con costa como Tomiño ou Tui queden fóra do campo de acción dos GALP aínda que si estean afectados por Comandancia Marítima ata Tui.

Todo isto ten unha gran afectación sobre algún dos produtos piscícolas máis lauredos da gastronomía galega como o meixón ou a lamprea.

O emprendemento que se poida facer a respecto dos produtos do río nos concellos polo que evoluciona o decurso dos ríos, pero que están exentos de costa, ten que facerse sen apoio económico polo explicado anteriormente e porque as Consellerías correspondente non ofertan axudas que poida paliar estas eivas.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15088
Data envio: 27/04/2021 16:21:29.612

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O GDR non pode atender as demandas de produtos elaborados con lamprea ou meixón porque se trata de peixe, o GALP tampouco pode se esta demanda vén de concellos como Arbo, As Neves, Salvaterra, Tui ou Tomiño.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que está disposto o goberno da Xunta a cambiar para que o emprendemento relacionado coa pesca nos concellos do interior poida ter axudas en igualdade de condicións que nos concellos da costa?

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 27/04/2021 16:14:09

María González Albert na data 27/04/2021 16:14:13

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15088
Data envio: 27/04/2021 16:21:29.612

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 27/04/2021 16:14:23

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2021 16:41:25
Nº Rexistro: 15147
Data envio: 27/04/2021 16:41:25.799

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG número 53 do 18 de marzo de 2021 recolle a RESOLUCIÓN do 10 de marzo de 2021 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección da AGADER, do 10 de marzo de 2021, polo que se modifica o Acordo do 13 de decembro de 2019 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014 2020 (PDR) (código de procedemento MR701D).

Este acordo do Consello de Dirección de AGADER , para o cal se modifican no seu anexo I (bases reguladoras) varias letras, a que nos ocupa está na letra b e modifica o anterior artigo 36

"b) Engádeselle un número 3 ao artigo 36, coa seguinte redacción:

«3. Sen prexuízo do disposto nos números 1 e 2 deste artigo, tamén serán subvencionables os investimentos que estean vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente. Estes proxectos poderán incluír actuacións de produción agraria en aldeas modelo, proxectos de mobilidade de terras,

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2021 16:41:25
Nº Rexistro: 15147
Data envio: 27/04/2021 16:41:25.799

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

permutas de predios agroforestais ou outros instrumentos de mobilización ou recuperación da terra agraria». "

Esta modificación así se trasladou ao PDR que se vai aprobar. E isto foi acompañado da suxestión aos GDRs para cambiar as súas estratexias e baremos para poder subvencionar proxectos de produción agraria dentro do ámbito da LRTA e as súas aldeas modelo.

Na práctica o que supón é a derivación de fondos Leader para financiar a LRTA que non contaba con memoria económica algunha incluído o financiamento para crear as aldeas modelo, proxecto estrela da Consellería do medio rural e cun resultado indeterminado a día de hoxe.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

. Valorou o Goberno da Xunta o impacto que pode ter detraer dos fondos Leader diñeiro para subvencionar a LRTA e as aldeas modelo contravindo o espírito e a finalidade dos fondos Leader?

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2021 16:41:25
Nº Rexistro: 15147
Data envio: 27/04/2021 16:41:25.799

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 27/04/2021 16:38:15

María González Albert na data 27/04/2021 16:38:19

Xosé Luis Rivas Cruz na data 27/04/2021 16:38:28

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2021 17:01:46
Nº Rexistro: 15196
Data envio: 27/04/2021 17:01:46.963

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Daniel Pérez López e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o peche dunha nova sucursal da entidade bancaria ABANCA no Concello de Moaña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sabemos que a COVID-19 trouxo consigo unha crise a nivel sanitario, social e económico, que viu mudar a nosa realidade e trastocou a vida da poboación.

Se analizamos o ocorrido no último ano, observamos como a pandemia sanitaria foi utilizada como coartada polas grandes empresas para acelerar a súa folla de ruta, baseada na ampliación dos seus beneficios mediante a redución de custos, o empeoramento das condicións laborais e o retroceso nos dereitos das traballadoras.

Unha folla de ruta que neste momento histórico, despois dun proceso de deslocalización para extraer máis plusvalía en países en vías de desenvolvemento, precisa de facer o mesmo no noso país.

A dixitalización do mundo do traballo ou a pivotaxe cara novo modelos enerxéticos ante o esgotamento paulatino dos combustíbeis fósiles, son dúas actuacións chaves nesta nova folla de ruta.

As entidades bancarias non permanecen alleas a esta planificación. É por iso que nos últimos meses, asistimos ao desmantelamento das sucursais bancarias en vilas e

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2021 17:01:46
Nº Rexistro: 15196
Data envio: 27/04/2021 17:01:46.963

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

parroquias de toda Galiza, deixando, no mellor dos casos, só a posibilidade de realizar os diferentes trámites por vía dixital ou telefónica. No primeiro caso mediante os caixeiros automáticos ou as máquinas para actualizar as libretas. No segundo caso, mediante unha estratexia de normalización e consolidación de xestoras persoais por vía telefónica para tentar baleirar de contido a atención persoal.

Vimos de coñecer con abraio a decisión de ABANCA de pechar a súa oficina da rúa Ramón Cabanillas, n.º 1, limitando deste xeito o acceso aos servizos financeiros dos veciños e veciñas de Moaña.

É sorprendente como unha entidade de banca privada que presentou en 2019 un beneficios de 405 millóns de euros, e que no 2.020, en plena crise COVID, mantivo beneficios por un total de 160 millóns de euros, pretenda seguir facendo negocio a costa da perda de servizos para a veciñanza, reducindo emprego e as condicións laborais do persoal traballador e derivando aos usuarios e usuarias a unha dixitalización imposta pola entidade.

Non podemos aceptar este xeito de proceder da entidade que, lembremos, procede do rescate das caixas de aforros galegos. Un rescate que todos os galegos e galegas sufragamos con 9.000 millóns de euros de cartos públicos. Nunha actuación absurda e interesada por parte do presidente e do goberno da Xunta de Galiza que desbotaron a única solución admisible: a creación dunha banca pública galega.

Pois ben, en pago a ese apoio público, ABANCA decide agora reducir o número das súas sucursais no noso país, incluíndo nese peche a oficina da Rúa Ramón Cabanillas de Moaña.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2021 17:01:46
Nº Rexistro: 15196
Data envio: 27/04/2021 17:01:46.963

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O maltrato desta entidade e as súas predecesoras con Moaña é notorio. Primeiramente eliminouse a sucursal da rúa Daniel Castelao, deixando sen servizo (mesmo de caixeiro público) a todo o barrio do Real e á parroquia de Tirán.

A continuación reduciron os servizos na sucursal da parroquia de Domaio.

E agora, atopámonos con que pretenden centralizar todos os servizos de atención persoal na oficina da Avda. Concepción Arenal. Que sería a única con este servizo para toda a poboación moañesa. Motivos: a redución de gastos na busca do máximo beneficio.

Esta situación conleva:

• A perda de postos de traballo e o empeoramento das condicións laborais do persoal traballador que se manteña na plantilla (traslados obrigatorios, máis sobrecarga de traballos, etc.).

• A concentración de todas as persoas usuarias nunha única oficina, a da Avda. Cocepción Arenal, o que provocará un déficit importante na atención ao público ao xerar grandes colas de agarda.

• A implantación dun horario de atención reducida ao público que só se estenderá ata as 11:00 h.

• A canalización dos trámites básicos cara aos servizos bancarios dixitais, converténdose estes nunha ferramenta obrigatoria para as persoas usuarias.

• O desamparo dun sector importante da poboación, sen competencias dixitais axeitadas, que non poderá xestionar os seus trámites a través da banca electrónica.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2021 17:01:46
Nº Rexistro: 15196
Data envio: 27/04/2021 17:01:46.963

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza ante o proceso de desmantelamento do servizo presencial perpetrado polas entidades bancarias e o conseguinte empeoramento das condicións laborais e despedimentos das traballadoras da banca?

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Daniel Pérez López

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 27/04/2021 17:00:03

Daniel Pérez López na data 27/04/2021 17:00:06

Noa Presas Bergantiños na data 27/04/2021 17:00:16

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2021 17:37:34
Nº Rexistro: 15265
Data envio: 27/04/2021 17:37:34.315

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Daniel Pérez López e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as axudas ao pequeno comercio de alimentación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O comercio galego viña arrastrando unha profunda crise que se viu agravada coa chegada da Covid-19, e a desaparición de preto de 6000 negocios do sector dende 2015 acelerouse no ano 2020 chegando a pechar 3 locais ao día.

Especialmente prexudicados son os pequenos comercios de alimentación, que fronte a competición desleal das grandes superficies de alimentación vense obrigadas ao peche.

A Xunta de Galiza puxo en marcha axudas e medidas de apoio fronte a crise da Covid que foron claramente insuficientes, ao non ser quen de frear esta sangría de pequenos comercios pechados.

Un exemplo do insuficiente destas medidas son os Bono Activa Comercio, xa que deixa fora ao pequeno comercio de alimentación, gravemente afectado durante a pandemia polos peches e restricións da hostalería, un dos seus principais clientes.

Paradoxo que esta axuda, en forma de bono que incentiva a mercar ás persoas consumidoras, acolla outros epígrafes que, segundo os datos económicos, non están

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2021 17:37:34
Nº Rexistro: 15265
Data envio: 27/04/2021 17:37:34.315

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

entre os que máis sofren as consecuencias económicas desta pandemia, e deixe fora ao pequeno comercio de alimentación.

Estes negocios, entre os que están as pequenas tendas de barrio, os postos de mercados e prazas de abastos e as tendas do rural fundamentais para a vida dos pobos, forman un tecido básico para a economía do país e son fundamentais para a dinamización das rúas e barrios de Galiza, asemade son axentes imprescindibles para evitar a despoboación do rural galego.

A Xunta de Galiza ten que incluír ao pequeno comercio da alimentación no programa Bono Activa Comercio ou no seu defecto activar medidas de apoio específicas para o sector.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pensa a Xunta de Galicia incluír ao pequeno comercio da alimentación no programa Bono Activa Comercio ou no seu defecto activar medidas de apoio específicas para o sector?

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2021

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2021 17:37:34
Nº Rexistro: 15265
Data envio: 27/04/2021 17:37:34.315

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 27/04/2021 17:34:28

Daniel Pérez López na data 27/04/2021 17:34:31

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/04/2021 17:34:39

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 15273
Data envio: 28/04/2021 09:19:09.485

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Carreira Pazos e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a ampliación do CMUS de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago é unha institución pública de ensino musical de grao elemental e profesional, dependente da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade. Cando se inaugurou en 2004 o Conservatorio Profesional de Música, que dispuxo dun investimento de 2,3 millóns de euros, creáronse unhas instalacións para atender 250 alumnos e alumnas. Xa desde os primeiros anos da súa entrada en funcionamento, duplicou os seus servizos pese á limitación de espazo que padece e, mesmo así, cada curso deixa sen poder atender solicitudes de inscrición pola carencia de aulas necesarias.

En abril de 2011, hai xusto unha década, o Pleno do Concello acordou instar a Xunta de Galiza a dotar o Conservatorio Profesional de Santiago de Compostela dos recursos materiais e humanos necesarios para desenvolver con normalidade o seu labor docente. Nesa moción do BNG, aprobada por unanimidade, reclamábase que a Xunta comezase os trámites para ampliar o edificio actual e, ademais, dotar o centro, con carácter de urxencia, do persoal subalterno e administrativo necesario.

Xa daquela, o Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela tiña unha serie de deficiencias que impedían dar resposta a todas as demandas e

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 15273
Data envio: 28/04/2021 09:19:09.485

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesidades educativas da poboación neste ámbito formativo. A matrícula do centro ascendía moi por riba das súas capacidades e sen poder aceptar a maioría das solicitudes de traslado de expediente. As consecuencias son graves: prazas insuficientes, horarios inadecuados, espazos improvisados para aulas e imposibilidade de rematar o grao profesional por parte do alumnado procedente doutros conservatorios.

Tamén en 2011, o BNG trasladara unha Proposición Non de Lei e unha pregunta oral en Comisión ao Parlamento, para instar a Xunta a ampliar este centro no terreo anexo que o Concello de Santiago cedeu á Administración galega para poder desenvolver con normalidade o seu labor docente.

O BNG rexistrou emendas aos Orzamentos da Xunta, ano tras ano, para incluír esa ampliación do Conservatorio Profesional de Música. E ano tras ano foron rexeitadas polo PP e seguiron a quedar alumnos e alumnas sen praza neste centro por falta de capacidade e sen poder cursar estes estudos.

De feito, unha década despois este problema persiste: neste curso 2020-2021 imparten aulas para 522 alumnos e alumnas (188 de grao elemental e 334 profesional), aos que habería que engadir 64 máis que quedaron sen praza ante a carencia de espazo nesta infraestrutura e ficaron en listaxe de agarda sen poder iniciar esta formación musical.

Ademais, coa ampliación das instalacións, poderíanse incrementar especialidades de música tradicional, como gaita, e incluír tamén na programación acordeón e percusión tradicional, nas que se ten detectada demanda e, na actualidade, non se poden ofrecer por falta de capacidade e de profesorado especializado.

De feito, nos propios decretos da Xunta para a ordenación do grao elemental das ensinanza de réxime especial de música (decreto 198/2007) e no que se estabelece o

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 15273
Data envio: 28/04/2021 09:19:09.485

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música (decreto 203/2007), no artigo 4, de aplicación en todos os conservatorios, sinalan que deben impartir todas as especialidades que se relacionan, incluíndo acordeón, gaita e, de grande interese para o ámbito local, órgano. Por iso, xa que o profesorado actual non pode abordar o ensino destas especialidades, é tan necesario que se amplíe o CMUS.

Nestes tempos de adecuación das instalacións e horarios ás medidas de prevención da pandemia da covid-19, a situación agravouse. Por iso coa ampliación, cómpre realizar un auditorio e espazos para coro e orquestra de maiores dimensións e coa ventilación necesaria, máis cabinas de estudo e unha biblioteca, xa que esta última está a ser usada para impartir docencia.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que trámites ten realizado a Xunta para ampliar as infraestruturas e os recursos humanos necesarios no Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela co obxecto de atender a demanda de prazas existente e incrementar a oferta de especialidades?

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Carreira Pazos

Manuel Lourenzo Sobral

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 15273
Data envio: 28/04/2021 09:19:09.485

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 28/04/2021 09:17:40

Iria Carreira Pazos na data 28/04/2021 09:17:43

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/04/2021 09:17:51

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 09:50:59
Nº Rexistro: 15277
Data envio: 28/04/2021 09:50:59.798

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 169 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Organización Mundial da Saúde declarou o 11 de marzo a pandemia mundial provocada pola covid-19 o que supuxo que o 14 de marzo o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, decretase o estado de alarma adoptando medidas inmediatas para frear a propagación do virus, o que supuxo a paralización ata o mes de xuño de practicamente toda a actividade económica e a partir dese momento con aperturas paulatinas en determinadas actividades, véndose nalgúns casos interrompida, engadindo, polo tanto, á crise sanitaria unha crise económica e social sen precedentes.

As medidas de confinamento, a paralización da actividade produtiva, as restricións á mobilidade e o distanciamento social obrigaron ás administracións a tomar unha serie de medidas absolutamente necesarias que supuxeron un incremento importante dos recursos precisos para atender as novas necesidades, así o Goberno do Estado despregou inmediatamente unha serie de medidas para que as CC.AA puidesen atender os gastos extraordinarios no ámbito sanitario e educativo e tamén para que proporcionasen axudas directas ás empresas e persoas traballadoras autónomas máis afectadas pola crise.

Así, o 16 de xuño de 2020 o Goberno do Estado aprobou o Fondo Covid-19 dotado con 16.000 M € para que as CC.AA puidesen financiar os gastos da pandemia, un fondo non reembolsable e que non ía xerar máis débeda nin xuros. Destes fondos covid en 2020 correspondéronlle á Xunta de Galicia 735 millóns de euros, 418 millóns para sanidade, 93 millóns para educación e 224 millóns de euros para compensar a redución da actividade económica.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Que recursos económicos achegou a Xunta de Galicia no ano 2020 aos concellos galegos para poder facer fronte ao incremento de gasto derivado pola aplicación de medidas que eviten a propagación do virus?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2021

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 09:50:59
Nº Rexistro: 15277
Data envio: 28/04/2021 09:50:59.798

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/04/2021 18:40:16

Paloma Castro Rey na data 27/04/2021 18:40:28

Pablo Arangüena Fernández na data 27/04/2021 18:40:38

Juan Carlos Francisco Rivera na data 27/04/2021 18:40:54

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 09:56:55
Nº Rexistro: 15280
Data envio: 28/04/2021 09:56:55.673

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Luís Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Goberno local de Noia leva anos sen aprobar o seu Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) debido a que está pendente duplicar a súa captación de auga para garantir o subministro a toda a poboación e regularizar un dos puntos de captación da traída municipal, o de Alvariza.

Actualmente, a captación pode abastecer algo máis de nove mil habitantes, máis a previsión de crecemento que recolle o plan urbanístico eleva a poboación de Noia a 18.000, co que se fai preciso duplicar o volume de auga para acreditar a existencia de recursos hídricos suficientes que garantan o abastecemento.

O grupo municipal socialista leva tempo preguntando ao Goberno local se hai algunha novidade ao respecto desta cuestión xa que dela depende a aprobación definitiva do PXOM, pero nunca obtiveron resposta.

Tendo en conta que a legalización dunha nova captación de auga depende directamente de Augas de Galicia, e que o PXOM en última instancia debe ser aprobado polo Goberno galego, por iso preguntamos:

En que estado se atopa a tramitación do PXOM de Noia?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/04/2021 18:36:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/04/2021 18:36:58

María Leticia Gallego Sanromán na data 27/04/2021 18:37:13

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 10:03:30
Nº Rexistro: 15284
Data envio: 28/04/2021 10:03:30.860

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e **Luis Bará Torres,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a presunta usurpación das funcións de auxiliar de Policía Local no Concello de A Bola.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de marzo constatouse a presenza dunha persoa ataviado con uniforme de Policía Local, con emblema do Concello de A Bola e portando arma corta, que finalmente e malia a súa aparencia externa resultou ser de aire comprimido.

A Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación das Policías Locais confire á Xunta de Galicia funcións de coordinación, formación, selección e control sobre os servizos de policía local, vixiantes municipais ou auxiliares da Policía Local.

Así, a actividade de vixiante municipal ou de auxiliar de Policía Local requirirá a previa superación na Academia Galega de Seguridade dun curso de formación adaptado ás funcións a desenvolver, ou, en todo caso, dun curso formativo teórico-práctico na devandita Academia.

Asemade a contratación dun auxiliar de Policía precisará da tramitación polo Concello dun expediente motivado, do que haberá de dar conta á Consellería da Xunta de Galiza con competencia en materia de seguranza.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 10:03:30
Nº Rexistro: 15284
Data envio: 28/04/2021 10:03:30.860

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Igualmente os axentes e auxiliares da Policía Local deberán vestir o uniforme propio da súa categoría que permita a súa identificación e distinción doutros corpos ou servizos análogos ou similares.

Ao abeiro da precitada lei de Coordinación das Policías Locais corresponde á Xunta de Galiza o establecemento de medidas de control e seguimento necesaria para que os concellos apliquen as normas da Lei, así como a incorporación de sistemas de información que asegure a efectividade das mesmas.

As respostas dada pola alcaldesa de A Bola ao Bloque Nacionalista Galego en modo algún serviron para aclarar a actuación do suposto axente da Policía Local e como podía ser que fose uniformado e conducise un vehículo municipal, polo que, dada a confusión e alarma social xerada, formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno :

Que actuacións, e con que resultado, realizou a Xunta de Galiza para a determinación e alcance das accións realizadas por un suposto auxiliar de Policía Local ou vixiante municipal no concello de A Bola?

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 10:03:30
Nº Rexistro: 15284
Data envio: 28/04/2021 10:03:30.860

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/04/2021 10:01:08

Noa Presas Bergantiños na data 28/04/2021 10:01:12

Xosé Luis Bará Torres na data 28/04/2021 10:01:22

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 11:44:18
Nº Rexistro: 15324
Data envio: 28/04/2021 11:44:18.061

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Marina Ortega Otero e Noa Díaz Varela, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O proceso do embarazo é un tempo de obvia implicación emocional para calquera muller ou dunha parella nos casos que corresponda. Estes procesos teñen momentos de moita sensibilidade, e todos os momentos teñen unha relevancia persoal moi grande. É por iso que os servizos sanitarios deben estar preparados para ter en conta estas circunstancias, equilibrando entre a garantía absoluta sanitaria e a facilitación das mellores e máis confortables posibilidades para estas mulleres ou parellas que comparten o proceso.

As e os profesionais sanitarios consideran de gran relevancia que os momentos de consultas, información e revisións sexan compartidos no caso de que a muller e a súa parella así o consideren e desexen. Isto aporta moito ao desenvolvemento do proceso, ao apoio emocional ás mulleres e ao vínculo de confianza co propio persoal.

Acerca destas circunstancias, nos recentes días existiron un conxunto de queixas de usuarias do sistema sanitario sobre a imposibilidade que atoparon as súas parellas para acceder á sala de consultas, nalgún caso para a consulta de probas importantes como a ecografía da semana 20, concretamente nestes casos no Hospital Clínico de Santiago de Compostela.

Foi coñecido que o propio Sergas asumiu estas críticas e confirmou que así foi, asegurando que tomaría as medidas para que non volva a ocorrer, o que parece razoable. Non en tanto, ante o feito de que isto sucedese, aínda que fose por unha circunstancia específica e unha decisión errónea puntual, cabe ser persistentes na necesidade de combinar a garantía de hixiene sanitaria e cumprimento das medidas anti-COVID coa posibilidade da maior calidade na asistencia sanitaria en todos os planos que sexa posible.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 11:44:18
Nº Rexistro: 15324
Data envio: 28/04/2021 11:44:18.061

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que criterio mantén o Sergas sobre que as parellas, cando así o decidan as dúas persoas, poidan asistir conxuntamente ás consultas derivadas do embarazo e o seu desenvolvemento?

Pazo do Parlamento, 28 de abril do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Noa Díaz Varela
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 28/04/2021 11:40:05

Marina Ortega Otero na data 28/04/2021 11:40:13

Noa Susana Díaz Varela na data 28/04/2021 11:40:21

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 11:56:11
Nº Rexistro: 15330
Data envio: 28/04/2021 11:56:11.186

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O 22 de abril AGAMME, Asociación Galega contra o Maltrato a Menores, e AGAFEM, Asociación Gallega de Acogimiento de Familia Extensa del Menor, emitiron un comunicado motivado por unhas declaracións feitas pola Conselleira de Política Social días antes, en relación ao aumento do número de menores acollidos por mor da crise económica derivada da Covid-19. En concreto a conselleira afirmaba en medios de comunicación galegos, que se produciu un aumento dun 4 % dos menores tutelados pola Xunta en Galicia, relacionando este incremento directamente coas dificultades económicas coas que se atopan algunhas familias. En concreto a Conselleira de Política Social declarou que: "A crise económica derivada da sanitaria provocou unha crise social, hai familias en risco de exclusión que vén como pao da covid deixounos con menos recursos e se viron imposibilitados para seguir mantendo aos seus fillos". "É unha pandemia sanitaria que trae consigo unha pandemia social, é verdade que se incrementou o número de menores tutelados pola Xunta e están ben atendidos, é o noso deber, así como estar ao carón das familias para dotalas de todos os recursos para sacar aos seus fillos adiante, en definitiva que todos os pais poidan quedar cos seus fillos"

Dende o Grupo Socialista coincidimos con AGAMME e AGAFEM, xa que a mensaxe da responsable de Política Social está fóra de lugar, tendo en conta que baixo ningún concepto a retirada tutelar dun menor á súa familia pode ser derivada de falta de recursos. En todo caso, de ser así, a Administración autonómica está na obriga de cubrir as necesidades básicas da familia que teña a cargo dito menor. É un error trasladar á sociedade a asociación entre falta de recursos e retirada da tutela de menores, xa que é errónea e contraproducente.

Xa que, tal e como explican AGAMME e AGAFEM en dito comunicado:

"*Segundo toda a normativa de infancia, autonómica, estatal e internacional é obriga, cando se tomen decisión relativas aos nenos, nenas e adolescentes, ter en conta o seu interese superior, que debe referirse non só ás necesidades materiais, senón tamén ás psicolóxicas, emocionais e sociais.*

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 11:56:11
Nº Rexistro: 15330
Data envio: 28/04/2021 11:56:11.186

Por outra banda a Lei Orgánica de protección xurídica do menor deixa claro que os nenos e as nenas nos poderán ser afastados das súas familias, agás que isto fose contrario ao seu interese superior. Neste senso, que as familias atravesen dificultades económicas non xustifica adoptar a medida do acollemento, dado que existen medidas alternativas que a administración pode levar a cabo que protexerían plenamente o interese superior do neno ou da nena ao garantirlle a estabilidade psicolóxica, emocional e social que favorece a permanencia no núcleo familiar.

"A Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de Modificación Parcial del Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil dispón no seu artigo 11 apartados 1 e 2 o seguinte:

Las Administraciones Públicas facilitarán a los menores la asistencia adecuada para el ejercicio de sus derechos, incluyendo los recursos de apoyo que precisen.

Las Administraciones Públicas, en los ámbitos que les son propios, articularán políticas integrales encaminadas al desarrollo de la infancia y la adolescencia y, de modo especial, las referidas a los derechos enumerados en esta ley. Los menores tendrán derecho a acceder a tales servicios por sí mismos o a través de sus progenitores, tutores, guardadores o acogedores, quienes a su vez tendrán el deber de utilizarlos en interés de los menores.

Se impulsarán políticas compensatorias dirigidas a corregir las desigualdades sociales. En todo caso, el contenido esencial de los derechos del menor no podrá quedar afectado por falta de recursos sociales básicos. Se garantizará a los menores con discapacidad y a sus familias los servicios sociales especializados que su discapacidad precise.

Las Administraciones Públicas deberán tener en cuenta las necesidades de los menores al ejercer sus competencias, especialmente en materia de control sobre productos alimenticios, consumo, vivienda, educación, sanidad, servicios sociales, cultura, deporte, espectáculos, medios de comunicación, transportes, tiempo libre, juego, espacios libres y nuevas tecnologías (TICs).

Las Administraciones Públicas tendrán particularmente en consideración la adecuada regulación y supervisión de aquellos espacios, centros y servicios en los que permanezcan habitualmente menores, en lo que se refiere a sus condiciones físico-ambientales, higiénico-sanitarias, de accesibilidad y diseño

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 11:56:11
Nº Rexistro: 15330
Data envio: 28/04/2021 11:56:11.186

universal y de recursos humanos, así como a sus proyectos educativos inclusivos, a la participación de los menores y a las demás condiciones que contribuyan a asegurar sus derechos.

2. Serán principios rectores de la actuación de los poderes públicos en relación con los menores: a) La supremacía de su interés superior. b) El mantenimiento en su familia de origen, salvo que no sea conveniente para su interés, en cuyo caso se garantizará la adopción de medidas de protección familiares y estables priorizando, en estos supuestos, el acogimiento familiar frente al institucional."

A citada Lei Orgánica de Protección Xurídica do Menor fai mención explícita respecto a que non se pode considerar causa xustificada para determinar a separación da familia as cuestións puramente económicas, tal e como se pon de manifesto no seu artigo 17:

1. Se considerará situación de riesgo aquella en la que, a causa de circunstancias, carencias o conflictos familiares, sociales o educativos, el menor se vea perjudicado en su desarrollo personal, familiar, social o educativo, en su bienestar o en sus derechos de forma que, sin alcanzar la entidad, intensidad o persistencia que fundamentarían su declaración de situación de desamparo y la asunción de la tutela por ministeriode la ley, sea precisa la intervención de la administración pública competente, para eliminar, reducir o compensar las dificultades o inadaptación que le afectan y evitar su desamparo y exclusión social, sin tener que ser separado de su entorno familiar. A tales efectos, se considerará indicador de riesgo, entre otros, el tener un hermano declarado en tal situación salvo que las circunstancias familiares hayan cambiado de forma evidente. La concurrencia de circunstancias o carencias materiales se considerará indicador de riesgo, pero nunca podrá desembocar en la separación del entorno familiar.

2. En situación de riesgo de cualquier índole, la intervención de la administración pública competente deberá garantizar, en todo caso, los derechos del menor y se orientará a disminuir los indicadores de riesgo y dificultad que incidan en la situación personal, familiar y social en que se encuentra, y a promover medidas para su protección y preservación del entorno familiar."

En dito comunicado expoñen explicitamente esta e outras normativas que xustifican a desconformidade polas declaracións da máxima responsable en Política Social en Galicia.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 11:56:11
Nº Rexistro: 15330
Data envio: 28/04/2021 11:56:11.186

Outra cuestión fundamental é a urxencia de elaborar un plan específico dirixido a blindar os recursos nas familias galegas que teñan menores a cargo.

É preciso que por parte da Xunta de Galicia se garanta complementar os importes das rendas de inclusión tendo en conta o limiar da pobreza relativa, a familias con menores a cargo ou maiores de idade con discapacidade ou dependencia.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

1.ª) Existe rectificación por parte da Conselleira de Política Social en canto ás declaracións emitidas nun medio de comunicación galego, nas que asociaba a falta de recursos nunha familias coa necesidade de tutelar aos menores ?

Pazo do Parlamento, 28 de abril de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 28/04/2021 11:50:55

Julio Torrado Quintela na data 28/04/2021 11:51:07

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 12:09:52
Nº Rexistro: 15336
Data envio: 28/04/2021 12:09:52.623

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Carreira Pazos e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a ampliación do CHUAC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CHUAC é o hospital público de referencia para a cidade da Coruña, mais tamén para toda a súa comarca e mesmo para, en diferentes especialidades e tratamentos, polo seu carácter pioneiro, toda Galiza e outras comunidades do Estado.

O goberno galego anunciou mediaticamente, en diferentes momentos, o compromiso de ampliación deste grande hospital e, nese tempo, os medios de comunicación daban conta de propostas de extensión de novos edificios en ubicacións totalmente antitéticas. A primeira, sen afectación á zona urbanizada, e a segunda, e actual, con grave afectación invasiva nunha ampla zona humanizada colindante que obriga a derrubar 50 vivendas e expulsar das súas vivendas todas as familias que serán desterradas do que foi o seu espazo vital e vivencial, social e familiar.

É por esta razón que sorprende que desde o goberno da Xunta de Galiza en ningún momento se contactase coas familias, atendendo as súas demandas de reunión, para lles explicar o proxecto que tanto agrede os seus proxectos de vida.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 12:09:52
Nº Rexistro: 15336
Data envio: 28/04/2021 12:09:52.623

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Plataforma de afectadas pola ampliación do CHUAC segue a reivindicar o seu dereito a recibir unha información tan sensíbel como determinante para as súas vidas, mais tamén para o futuro da cobertura pública desta área sanitaria.

Desde diferentes planos profesionais, comezando polo propiamente médico, está a cuestionarse unha opción que só semella interesar ao goberno do PP na Xunta, xa que a valoración argumentada oriéntase cara á necesidade dun verdadeiro novo hospital, adaptado ás necesidades actuais e sobre todo ás prevencións de futuro.

Un proceso que segue a caracterizarse polo escurantismo, pola falta de transparencia informativa e polo silenciamento de criterios que xustifiquen as mudanzas referidas ás decisións da ubicación dos edificios que se valoran ampliar.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está disposto o Goberno da Xunta a dialogar coa veciñanza afectada para procurar unha solución á ampliación do CHUAC que evite o seu grande impacto na contorna?

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 12:09:52
Nº Rexistro: 15336
Data envio: 28/04/2021 12:09:52.623

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 28/04/2021 12:08:42

Iria Carreira Pazos na data 28/04/2021 12:08:49

María Montserrat Prado Cores na data 28/04/2021 12:09:00

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 12:26:01
Nº Rexistro: 15344
Data envio: 28/04/2021 12:26:01.451

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Máis de 11 anos de Goberno do presidente Feijóo, Galicia perde oportunidades de avanzar, sen posibilidade de recibir as subvencións da UE e coa imposición de sancións pola súa deficiente depuración.

A Comisión Europea xa ten imposto sancións a España e xa ten anunciado novas denuncias ante o Tribunal de Xustiza da UE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en varias zonas de Galicia; porque falta un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública.

O curioso é que temos un Plan de saneamento 2000-2015, que no seu inicio xa daba por feito que uns 500.000 galegos se terían que contentar con sistemas de saneamento individuais, é dicir, con fosas sépticas.

E tamén temos un Plan hidrolóxico da demarcación Galicia-Costa, que estará vixente ata 2027 se as reiteradas sentenzas do TS que veñen anulando os reais decretos de aprobación do dito plan hidrolóxico non o impiden.

Mais o certo é que, con estes resultados ao longo dos anos, non hai datos sobre o nivel de cumprimento do Plan de saneamento, non hai datos de balance.

Como moitos outros concellos de Galicia, o de Ponteareas ten importantes deficiencias na rede de saneamento e depuración das augas residuais, pois moitas das súas parroquias non teñen rede de saneamento; unha desas parroquias é a de Ribadetea, que conta con 800 veciñas e veciños.

Moitos deles verten a minidepuradoras que non funcionan correctamente e moitos a fosas sépticas, mais moitos ao río Tea.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 12:26:01
Nº Rexistro: 15344
Data envio: 28/04/2021 12:26:01.451

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

No mes de setembro de 2018, o Pleno do Concello aprobaba por unanimidade esixirlle ao Goberno galego un proxecto de saneamento integral para a parroquia e o Goberno comprometeuse ao facer.

De feito, en setembro de 2019 ese proxecto era licitado, comprometéndose de novo o Goberno a telo en funcionamento no mes de marzo de 2020.

Ante a inactividade da Xunta de Galicia no mes de Outubro de 2020, o Pleno municipal de Ponteareas, aproba novamente por unanimidade unha moción conxunta de tódolos grupos na que se insta á Xunta de Galicia a contemplar no orzamento 2021, entre outras, as seguintes partidas:

a) Incorporar unha partida económica de 300.000 € para subscribir un convenio de colaboración co Concello para completar a rede municipal de abastecemento de auga nas parroquias de San Mateo de Oliveira e Moreira.

b) Contemplar a primeira fase do colector xeral de saneamento na parroquia de Ribadetea, en base ao proxecto redactado por Augas de Galicia.

c) Prever a primeira anualidade para cofinanciar coa sociedade estatal Acuaes e o Concello de Ponteareas as obras de novos colectores no entorno do núcleo urbano e a nova EDAR na Moscadeira, tendo en conta que estas obras foron declaradas de interese xeral do Estado.

A maiores o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presentou varias emendas as orzamentos xerais da Xunta de Galicia para 2021, nas que se solicitaba a habilitación de varias partidas destinadas a estes fins.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é o balance sobre o nivel de cumprimento do Plan de saneamento 2000-2015?

Pazo do Parlamento, 28 de abril do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 12:26:01
Nº Rexistro: 15344
Data envio: 28/04/2021 12:26:01.451

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/04/2021 12:21:56

Pablo Arangüena Fernández na data 28/04/2021 12:22:02

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/04/2021 12:22:14

Patricia Otero Rodríguez na data 28/04/2021 12:22:22

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 13:02:36
Nº Rexistro: 15368
Data envio: 28/04/2021 13:02:36.467

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela, Isaura Abelairas Rodríguez e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

No *Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade,* así como o artigo 14 da *Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes,* establécese a obriga de implantar unha linguaxe non sexista no ámbito administrativo e o fomento desta no inclusión nas relacións sociais, culturais e artísticas.

A lexislación establece claramente o uso non sexista da linguaxe, entendendo por tal a utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras, correctas ou non, que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto do masculino.

Consecuencia desta normativa, dende a Xunta de Galicia se vén elaborando un informe de impacto de xénero, onde se examinan a perspectiva de xénero e á linguaxe inclusiva, no articulado das leis, con anterioridade a súa aprobación polo Parlamento de Galicia.

Isto fai que o que na actualidade, con carácter xeral non se inclúa unha linguaxe sexista na nova lexislación galega pero aínda así son múltiples os exemplos deste tipo no noso ordenamento xurídico.

Coma a normativa en vigor sobre o "Valedor" do Pobo de Galicia, que mantén tal nome incluso logo da aprobación de varias modificacións lexislativas. Denominación que contrasta co feito de que, tanto no pasado como na actualidade, tal institución estea ocupada por unha muller.

Ou as leis autonómicas que regulan a varios colexios profesionais, como a de "podólogos", de "educadores sociais" ou de "protésicos"; ou a lei de confrarías de "pescadores"; ou, no ámbito da sanidade, a relativa a historia clínica "dos" pacientes.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 13:02:36
Nº Rexistro: 15368
Data envio: 28/04/2021 13:02:36.467

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Son expresión que compre modificar e substituír por outras que eviten formas discriminatorias ou androcéntricas, de modo que a terminoloxía empregada estea en harmonía co principio de igualdade de sexos. Así o recolle mesmo o artigo 97 das directrices de técnica normativa aprobadas en Galicia.

Faise pois convinte tomar as medidas precisas para contribuír dende a Xunta de Galicia a instaurar unha política de igualdade, para o cal a nosa linguaxe debe ser igualitaria, non discriminatoria, inclusiva e non androcéntrica, estando libre de estereotipos sexistas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Entende o Goberno galego que a linguaxe utilizada no noso ordenamento xurídico galego debe ser igualitaria, non discriminatoria, inclusiva, non androcéntrica, e libre de estereotipos sexistas?

Pazo do Parlamento, 28 de abril do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noa Díaz Varela
Isaura Abelairas Rodríguez
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/04/2021 12:57:45

Noa Susana Díaz Varela na data 28/04/2021 12:57:53

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 28/04/2021 12:58:06

Pablo Arangüena Fernández na data 28/04/2021 12:58:33

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15394
Data envio: 28/04/2021 16:19:55.670

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O proceso de vacinación é un dos grandes desafíos do sistema sanitario galego que, dentro dun proxecto no conxunto de España e Europa, está afrontando a realidade de combater a pandemia sanitaria a través da intervención da ciencia. Os sistemas sanitarios públicos están traballando a reo para garantir o proceso de vacinación nas condicións plenas de accesibilidade e gratuidade para toda a cidadanía, o que pon a proba todo o funcionamento político e institucional para ofrecer os mecanismos e instrumentos para o correcto desenvolvemento técnico deste proceso.

A chegada de doses masivas facilita que as comunidades autónomas teñan a dispoñibilidade que necesitan para vacinar con celeridade, e a estratexia nacional deseñada polo grupo da ponencia de vacinas dependente do Ministerio de Sanidade está a facer un gran traballo no deseño dos procedementos que as comunidades autónomas deben cumprir.

En Galicia, como ocorreu en todo o Estado, os sanitarios foron un dos grupos considerados absolutamente prioritarios para a vacinación, comezando este procedemento por eles dado que son un colectivo tremendamente exposto á COVID e vacinar a todos/as garantiu unha asistencia sanitaria segura. Dende o inicio desta fase da vacinación sucedéronse moitos anuncios a medios de comunicación por parte do Goberno galego, mais a realidade é que os sanitarios de Galicia non están vacinados por completo.

Existen varios colectivos que ven que a vacinación a sanitarios non está completa, como son os profesionais sanitarios dos centros penitenciarios de Galicia, sanitarios que traballan no eido privado ou sanitarios que traballan nas unidades de saúde mental, de maneira sinalada aqueles que traballan nas unidades de loita contra a drogodependencia. Esta situación non debera existir 5 meses despois de iniciar o procedemento de vacinación e resulta necesario resolvela.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15394
Data envio: 28/04/2021 16:19:55.670

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que non está finalizado o procedemento de vacinación en Galicia para todos os profesionais sanitarios que traballan en Galicia?

Pazo do Parlamento, 28 de abril do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 28/04/2021 16:18:41

Marina Ortega Otero na data 28/04/2021 16:18:48

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 10:23:35
Nº Rexistro: 15429
Data envio: 29/04/2021 10:23:35.696

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega acaba de facer públicos os resultados do proxecto de avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º da ESO, un estudo que pretende determinar o grao de cumprimento do obxectivo establecido na Lei de normalización lingüística de que o alumnado debe rematar a educación obrigatoria con capacidade para empregar de forma correcta, adecuada e eficaz as dúas linguas oficiais de Galicia.

No informe constatan que, aínda que de xeito global esa xeración remata a secundaria obrigatoria cunha competencia aceptable nas dúas linguas oficiais, existe un acusado desequilibrio en detrimento do galego. Aseguran ademais que mentres que o alumnado galegofalante amosa un dominio similar nos dous idiomas, máis dun 35 % das persoas castelanfalantes teñen unha escasa competencia en galego. De feito, o dominio dos dous idiomas relaciónase cun perfil de estudante que ten a lingua galega presente na súa vida cotiá, dende a familia ata a escola.

Segundo aseguran as persoas autoras do estudo –coordinado por Xaquín Loredo, técnico do Seminario de Sociolingüística da RAG, e Bieito Silva, profesor da Facultade de Ciencias da Educación da USC– a titularidade do centro é outro factor determinante, de xeito que o alumnado dos institutos públicos remata a ESO cunha competencia semellante en ambas as linguas, en contraste co que acontece na rede privada, onde se gradúan cun dominio bastante máis deficiente en galego ca en castelán.

O propio presidente da RAG advertía na presentación da investigación que o modelo lingüístico vixente no sistema educativo está consolidando os desequilibrios existentes no canto de compensalos e reclamou medidas de diversa natureza para reverter o retroceso do galego na mocidade.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Como valora o Goberno galego o informe de avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º da ESO realizado pola Real Academia Galega?

Pazo do Parlamento, 28 de abril de 2021

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 10:23:35
Nº Rexistro: 15429
Data envio: 29/04/2021 10:23:35.696

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 28/04/2021 17:57:18

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/04/2021 17:57:30

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 10:23:58
Nº Rexistro: 15430
Data envio: 29/04/2021 10:23:58.680

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Unha vez coñecido que a Audiencia da Coruña revocaba o depósito cautelar dos bens mobles do pazo de Meirás, a familia do ditador Francisco Franco presentaba un escrito no Xulgado de Primeira Instancia número 1 da Coruña no que solicita a retirada de todos os bens do pazo, incluídos os recoñecidos ou con expedientes incoados como Ben de Interese Cultural, nomeadamente as estatuas de Abraham e Isaac de Mestre Mateo e máis de 3.000 libros da biblioteca de Emilia Pardo Bazán, que contan coa protección máxima.

Como outros bens a resaltar, nos xardíns do Pazo hai ademais dúas pías bautismais do século XII, que pertencen á igrexa románica de San Xián de Moraime (Muxía, A Coruña).

Pola súa especial significación, o Pazo de Meirás -tamén recoñecido como BIC- é patrimonio de todos os galegos e galegas, e por suposto tamén o debe ser todo o conxunto patrimonial que alberga; e de maneira especial os BIC e os bens identificados como propios por Patrimonio Nacional. Hai que lembrar ademais que os BIC están sometidos á protección da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia 5/2016, e concretamente a Xunta de Galicia debe garantir a súa protección, o que pasa por impedir a súa mobilidade.

Non se pode permitir que a familia Franco, autora do maior espolio da nosa Historia, pretenda facerse co patrimonio do Pazo, que nunca foi seu e si de todos os galegos e galegas. Mentres que a xustiza actúa, a Xunta de Galicia debe preservar este patrimonio e garantir que vai permanecer no noso territorio apelando á especial protección á que está sometido.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Valora a Xunta de Galicia a posibilidade de reformular o expediente BIC do Pazo de Meirás para incluír tamén todos os bens que contén e asegurar así a súa protección?

Pazo do Parlamento, 28 de abril de 2021

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 10:23:58
Nº Rexistro: 15430
Data envio: 29/04/2021 10:23:58.680

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 28/04/2021 18:52:41

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/04/2021 18:52:58

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 10:29:38
Nº Rexistro: 15441
Data envio: 29/04/2021 10:29:38.837

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas comarcas galegas con gran concentración de viveiros de planta e flor, como no caso do concello de Tomiño, estes negocios empregan a gran número de persoas, sobre todo mulleres, cun efecto moi positivo sobre a fixación de poboación e sobre a economía da zona.

Veñen sendo empresas medianas dedicadas a un sector produtivo que ten un importante volume de negocio relacionado coas exportacións que fan que a comarca se manteña viva en tódolos ámbitos e que contribúen como as que máis ao enriquecemento do PIB da Galiza.

Estas empresas están excluídas das axudas dos fondos Leader, porque se encadran dentro das grandes empresas na normativa administrativa que as regula, ao ter en conta o número de traballadoras totais cando estas pasan de 50.

O GDR Suroeste Eurural xa enviou alegacións ao respecto á AGADER no período 2014-2020 sen que isto tivera transcendencia práctica algunha. Tampouco a consellería de Medio Rural saca ningunha axuda neste senso, co cal a desprotección é

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 10:29:38
Nº Rexistro: 15441
Data envio: 29/04/2021 10:29:38.837

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máxima, aínda que a súa contribución á riqueza demográfica, económica e social a través da creación de emprego sexa óptima.

Atópanse en terra de ninguén, excluídas das axudas da PAC por non ser produción primaria (alimentación) e das axudas do Leader por exceder de traballadoras. En ámbolos dous casos, o sector dos viveiros (en especial as pequenas empresas) son esquecidas pola consellería.

Só quedan dúas opcións, unha é poñer a cuestión no mapa na negociación sobre os fondos Leader, porque parece que na actividade agraria non é adecuada a consideración de gran empresa e, polo tanto, podería abrir unha excepcionalidade, outra sería poñer na prioridade da Consellería esta actividade e habilitar unha liña de axudas compensatorias específicas para o sector...

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza atender a demanda do sector viveirista propoñendo a apertura dunha excepcionalidade para que poida beneficiarse dos fondos Leader, e non caso de non ser posible habilitando unha liña de axudas?

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 10:29:38
Nº Rexistro: 15441
Data envio: 29/04/2021 10:29:38.837

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 29/04/2021 10:28:16

María González Albert na data 29/04/2021 10:28:19

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/04/2021 10:28:28

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 10:34:39
Nº Rexistro: 15446
Data envio: 29/04/2021 10:34:39.415

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O concello de Frades é un municipio rural do Interior coruñés que ten unha superficie de 81,56 km2 distribuídos en doce parroquias e que conta con dous núcleos máis poboados, Ponte Carreira e Abellá, no que viven 2.302 veciños e veciñas, dos que o 32 % teñen máis de 65 anos.

No dito concello hai un centro de saúde situado en Ponte Carreira e un consultorio local na parroquia de Abellá, separados por máis de 9 km de distancia.

Dende o 22 de marzo de 2020 o servizo médico que se prestaba en Abellá deixou de desenvolverse, obrigando a toda a poboación do concello a desprazarse ao centro de saúde de Ponte Carreira.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre supresión dun servizo fundamental para a poboación de Frades?

Pazo do Parlamento, 28 de abril de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/04/2021 18:01:25

Marina Ortega Otero na data 28/04/2021 18:01:41

Julio Torrado Quintela na data 28/04/2021 18:01:52

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 11:23:02
Nº Rexistro: 15457
Data envio: 29/04/2021 11:23:02.274

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera, Marina Ortega Otero, Carmen Rodríguez Dacosta e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

En abril de 2019 xubilábase da Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, Expourense, o director xerente D. Alejandro Rubín, sendo substituído de xeito interino pola directora – adxunta, Sra. Enma González. A saída desta última cara o Inorde, provoca que dende o Padroado da Fundación, presidido pola vicepresidente segundo da Xunta de Galicia e actual Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, se teña que propoñer unha nova persoa para dirixir este Salón de Feiras co obxectivo de promover as actividades, industriais, comerciais, técnicas agrícolas, gandeiras, gastronómicas e culturais de Ourense, tanto no ámbito internacional, nacional, autonómico, provincial ou local.

Neste senso, dende distintos medios de comunicación se vén avanzando que a persoa elixida pola Xunta de Galicia– para ocupar a xerencia de Expourense é o Sr. Rogelio Martinez, ex – alcalde de Arnoya, ex- vicepresidente da Deputación e ex- delegado do Goberno galego en Ourense, persoa que dende o ano 1979 vén ocupando cargos públicos e que nos últimos 20 anos se veu involucrado en coñecidos escándalos vinculados a xestión de fondos europeos para instalar depuradoras nos concellos de Ourense; licitacións manipuladas para beneficiar a adxudicatarias vinculadas a familia do Sr. Martínez que motivou que a AET esixise a devolución de 10 millóns de euros, e que unicamente por virtude da prescrición se impediu a devolución das axudas europeas.

Dende o PSdeG-PSOE consideramos que, caso de confirmarse, o nomeamento do Sr. Martínez é un auténtico despropósito, que única e exclusivamente obedecen a pagos de débedas políticas do Sr. Feijoo con quen liderou un intento de derrocar o Baltarismo no ano 2010.

Un nomeamento que nada ten que ver cos méritos, coñecementos ou experiencia que, dun xeito razoable, serían esixibles para ocupar un posto de esta natureza.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 11:23:02
Nº Rexistro: 15457
Data envio: 29/04/2021 11:23:02.274

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Polo exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales son os criterios empregados pola Xunta de Galicia para designar o novo/a director/a xerente do recinto de Expourense, entidade que ten como obxectivo desenvolver e promover economicamente a provincia de Ourense a través dun calendario de feiras de ámbito local, provincial, nacional e internacional?

Pazo do Parlamento, 28 de marzo do 2021

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Marina Ortega Otero
Carmen Rodríguez Dacosta
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 29/04/2021 11:21:19

Marina Ortega Otero na data 29/04/2021 11:21:28

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/04/2021 11:21:37

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/04/2021 11:21:45

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 11:23:41
Nº Rexistro: 15460
Data envio: 29/04/2021 11:23:41.040

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Marina Ortega Otero e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

No mes de abril do presente ano a Xunta de Galicia – a través da Consellería de Economía, Empresa e Innovación - cesaba a D. Ricardo Capilla, até entón xerente do Parque Tecnolóxico de Galicia S.A., sociedade radicada en Ourense e que ten encomendada a responsabilidade de xestionar un conxunto de infraestruturas, espazos, capacidades, recursos e servizos destinados a empresas, emprendedores e proxectos que empregan como ferramentas de crecemento a innovación e o coñecemento.

Mais alá das razóns que motivaron o cese de quen foi xerente de Tecnópole dende 2013 e respecto das cales a Consellería non deu explicación, o certo é que este cese causou sorpresa nos medios empresariais, por canto o Sr. Capilla levaba vinculado o Tecnolóxico dende 2003.

Un parque no que se asentan 103 empresas, institucións e organismos que dan emprego a unhas 1.500 persoas traballadoras, emprego de calidade especialmente vinculado a sectores de I+D+i.

Na actualidade a sociedade xestora Parque Tecnolóxico de Galicia S.A., está participada pola Xunta de Galicia (50,52 %), quen de facto vén exercendo todo o poder e control na xestión, Abanca Corporación Bancaria SA (37,34 %), Inorde (3,49 %), Concello de San Cibrao, Concello de Ourense, a Confederación de Empresarios de Ourense, o sindicato U.G.T., a Universidade de Vigo e a Universidade de Santiago, todos eles con porcentaxes que van dende o 0,33 % o 1,80 % do capital social.

Unha sociedade que dende o ano 2008 – ano no que se implanta T- SOLAR- foi incapaz de incorporar empresa algunha o parque e que a día de hoxe dispón de centos de miles de metros cadrados baleiros e sen ocupar.

Recentemente, a través dos medios de comunicación, dende o PSdeG tivemos coñecemento do interese da Deputación Provincial de Ourense de reforzar a súa presenza no accionariado da sociedade xestora do Parque Tecnolóxico de Galicia

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 11:23:41
Nº Rexistro: 15460
Data envio: 29/04/2021 11:23:41.040

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

SA , propoñéndose a adquisición das accións de Abanca S.A. ou mesmamente das que posúe a Xunta de Galicia, para segundo se indica "participar nas decisións sobre terreos e instalacións de alta relevancia para o desenvolvemento económico, industrial e tecnolóxico da provincia".

Segundo consta publicado o interese da Deputación de Ourense – interese amosado nun documento entregado a Xunta de Galicia o pasado 12 de decembro de 2020 - sería o aproveitamento das infraestruturas e equipamentos de alto valor engadido e sacar rédito da experiencia, coñecemento e potencialidades dos máis de 25 anos de PTG.

Máis alá do interese real da Deputación de Ourense na implantación dun novo modelo de orientación e xestión desprazando a Xunta de Galicia no liderado, a realidade é que parte dos terreos do PTG poderían pasar o veciño Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, que ten solicitado gañar máis superficie. Unha operación que afectaría a máis de 400 mil metros cadrados e que suporía unha descapitalización encuberta da sociedade, tal como amosa a propia institución provincial.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas está a levar a Xunta de Galicia para relanzar o Parque Tecnolóxico de Galicia (PTG), tendo en conta que dende 2008 non se implanta ningunha empresa neste parque?

Pazo do Parlamento, 28 de abril do 2021

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 29/04/2021 11:17:27

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/04/2021 11:17:37

Marina Ortega Otero na data 29/04/2021 11:17:51

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 11:23:41
Nº Rexistro: 15460
Data envio: 29/04/2021 11:23:41.040

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/04/2021 11:18:01

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 11:40:42
Nº Rexistro: 15482
Data envio: 29/04/2021 11:40:42.383

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Segundo a ONG "Greenpeace", os plásticos representan o 80 % do total dos residuos mariños.

Calcúlase que cada ano 8 millóns de toneladas de plástico chegan a mares e océanos, polo que o Foro Económico Mundial informa que en 2050 no mar haberá máis plásticos que peixes.

Galicia en absoluto se libra. A cantidade de micro e macroplásticos na auga segue perigosamente en aumento, persoas investigadoras da Universidade de Vigo, alertan dunha moi alta presenza de plásticos nas nosas augas, tanto dentro como fora das nosas rías.

Os principais prexudicados polos plásticos no mar son os ecosistemas mariños e, por extensión, a pesca, que supón un 2,1 % do PIB galego e un 3,2 % do emprego.

O 10 de xullo de 2019, o Pleno do Parlamento aprobaba por unanimidade unha proposición non de lei deste grupo parlamentario instando a Xunta de Galicia á adopción de medidas inmediatas para reducir a presenza de residuos mariños nas praias e fondos mariños de Galicia, recuperando así a biodiversidade e os ecosistemas mariños.

Meses despois, aprobouse tamén por unanimidade na Comisión de Medio Ambiente do Parlamento de Galicia, outra iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista, na que se instaba ao goberno da Xunta de Galicia a desenvolver campañas de información e sensibilización para a recollida de residuos, ademais de organizar un plan específico para a reciclaxe de tódolos obxectos recollidos, xa sexan redes, cordas, plásticos, latas ou outros refugallos, facendo partícipes aos mariñeiros e xente do mar.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 11:40:42
Nº Rexistro: 15482
Data envio: 29/04/2021 11:40:42.383

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Pedíase que o Goberno reservara unha partida orzamentaria destinada ao pago pola recollida de lixo mariño e as accións de sensibilización e reciclaxe.

A día de hoxe non temos constancia de ningún programa ou actuación por parte da Xunta de Galicia, si en cambio moitas iniciativas de carácter local como na flota do peirao de Marín, os arrastreiros e a baixura de A Coruña, as embarcacións que amarran en Vigo, os barcos de Cambados...

Dunha ou outra forma, os pescadores galegos xa tomaron conciencia da necesidade de pescar lixo, agora tócalle ao Goberno autonómico, tomar esta iniciativa.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Pleno:

1. Ten a Xunta de Galicia desenvolto algún tipo de programa específico ou actuación concreta, para recollida e recuperación de residuos mariños?

2. Ten previsto desenvolver este tipo de programas? En que van consistir e canto teñen previsto destinar a este fin?

3.Ten a Xunta de Galicia desenvolto algún tipo de campañas de información e sensibilización a tal fin?

4. Ten previsto desenvolver este tipo de campañas? En que van consistir e canto teñen previsto destinar a este fin?

5.Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia, un plan específico para a reciclaxe de todos os obxectos recollidos, xa sexan redes, cordas, plásticos, latas ou outros residuos?

Pazo do Parlamento, 29 de abril do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 11:40:42
Nº Rexistro: 15482
Data envio: 29/04/2021 11:40:42.383

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/04/2021 11:36:24

Pablo Arangüena Fernández na data 29/04/2021 11:36:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/04/2021 11:36:41

Patricia Otero Rodríguez na data 29/04/2021 11:36:52

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15618
Data envio: 30/04/2021 14:11:20.995

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicitan a esa Mesa a seguinte **corrección de erros** no documento con número de rexistro **15482**, advertido un erro en dito documento.

Na parte onde se formulan as preguntas, onde di.

"1. Ten a Xunta de Galicia desenvolto algún tipo de programa específico ou actuación concreta, para recollida e recuperación de residuos mariños?

2. Ten previsto desenvolver este tipo de programas? En que van consistir e canto teñen previsto destinar a este fin?

3.Ten a Xunta de Galicia desenvolto algún tipo de campañas de información e sensibilización a tal fin?

4. Ten previsto desenvolver este tipo de campañas? En que van consistir e canto teñen previsto destinar a este fin?

5.Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia, un plan específico para a reciclaxe de todos os obxectos recollidos, xa sexan redes, cordas, plásticos, latas ou outros residuos?"

Debe dicir:

"Ten a Xunta de Galicia desenvolto algún tipo de programa específico ou actuación concreta, para recollida e recuperación de residuos mariños?"

Pazo do Parlamento, 30 de abril do 2021

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 30/04/2021 14:10:24

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15618
Data envio: 30/04/2021 14:11:20.995

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Pablo Arangüena Fernández na data 30/04/2021 14:10:32

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/04/2021 14:10:43

Patricia Otero Rodríguez na data 30/04/2021 14:10:51

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 11:41:57
Nº Rexistro: 15487
Data envio: 29/04/2021 11:41:57.399

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No ano 2009 Portos de Galicia firmou un convenio co Concello de Poio para o acondicionamento dos peiraos de Raxó e Covelo.

Estas actuacións que incluso chegaron a ser presupostadas en varios exercicios, executándose unicamente o 10 % do conveniado.

No orzamento 2021 xa nin aparece, a pesar de terse reunido a finais do 2020 a ex delegada territorial e o director de portos cos representantes do Concello, e comprometerse a acadar un acordo, para iniciar e executar este proxecto.

O desleixo de Portos de Galicia é unha tomadura de pelo a tódolos habitantes de Covelo, que ven como logo de 11 anos o entrono do seu peirao segue practicamente igual, agás a actuación no peirao propiamente dita.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que este proxecto ten unha gran importancia para o desenvolvemento socio económico desta zona, xa que vén dinamizar ademais da actividade pesqueira, o interese turístico e de ocio.

Entendemos que neste momento, é prioritario construír un paseo marítimo, dotar o acceso dun dobre sentido de circulación, e adecuar o entorno.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 11:41:57
Nº Rexistro: 15487
Data envio: 29/04/2021 11:41:57.399

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai o Goberno galego, a través de Portos de Galicia levar a cabo un acondicionamento da contorna do paseo marítimo de Covelo, nos termos que no seu día foron acordados ou, no seu defecto, na forma consensuada co Concello?

Pazo do Parlamento, 29 de abril do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Patricia Otero Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/04/2021 11:37:57

Patricia Otero Rodríguez na data 29/04/2021 11:38:04

Julio Torrado Quintela na data 29/04/2021 11:38:12

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 12:54:39
Nº Rexistro: 15527
Data envio: 29/04/2021 12:54:39.430

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O carné novo é unha tarxeta para a xuventude que permite obter descontos e vantaxes nas entidades colaboradoras en Galicia, no resto de España e nos 40 países europeos adheridos ao programa.

Ao inicio deste ano 2021, o goberno da Xunta de Galicia presentou unha renovada imaxe desta tarxeta adaptada aos requisitos da EYCA, e outras novidades no seu funcionamento como:

1. Que será enviado de xeito gratuíto ao domicilio dos mozos e mozas galegos de entre 12 a 30 anos, xa sexa a primeira expedición ou porque caduque a súa validez, sempre que o soliciten vía telemática.
2. Que se suprimían as taxas para a súa renovación, polo que a súa vixencia será indefinida ata que o titular cumpra os 30 anos.
3. A posibilidade de localizar os establecementos adheridos ao programa, a través dunha aplicación móbil de xeolocalización.

Por outra banda, o goberno da Xunta de Galicia advertiu que nos próximos días levaríase a cabo a remisión con carácter inmediato do novo carne aos mozos e mozas que xa estaban adheridos e adheridas a este programa.

Pero a realidade resultou ser diferente, e atopámonos na entrada do mes de Maio sen que moitos deses mozos e mozas teñan o novo carné, incluso algúns cuxo carné caducou hai meses, seguen sen poder renovalo, co agravio económico que isto suponlles, ao non poder aplicalo ao desconto de transporte ou outros servizos.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 12:54:39
Nº Rexistro: 15527
Data envio: 29/04/2021 12:54:39.430

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cantos novos carnés de mozos e mozas se expediron polo Goberno da Xunta de Galicia dende o mes de xaneiro de 2021?

Pazo do Parlamento, 29 de abril do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/04/2021 12:53:42

Marina Ortega Otero na data 29/04/2021 12:53:49

Julio Torrado Quintela na data 29/04/2021 12:53:58

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 13:41:07
Nº Rexistro: 15553
Data envio: 29/04/2021 13:41:07.930

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral e **Rosana Pérez Fernández**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou en 2011 a tramitación dun proxecto para a dragaxe e rexeneración da bancos marisqueiros no río Lérez e no fondo da ría de Pontevedra, nun treito de aproximadamente 4,3 km entre o Clube Naval e Os Praceres, no que está previsto retirar aproximadamente 330.000 toneladas de lamas e outros sedimentos. O custo estimado do proxecto é de máis de 3 millóns de euros.

Despois de máis de10 anos de tramitación, o proxecto aínda non se fixo realidade. A finais do ano 2016, o daquela Presidente de Portos de Galicia reuniuse co alcalde de Pontevedra e cos portavoces dos grupos municipais para informalos das características do proxecto e dos prazos estimados para a súa realización. Naquela xuntanza, o responsábel de Portos informou da previsión de licitación do proxecto a comezos de 2018.

En xaneiro de 2017, o DOG publicou o anteproxecto da dragaxe e o estudo de impacto ambiental e abriuse o período de exposición pública para a presentación de alegacións. En relación co impacto ambiental das obras, as confrarías manifestaron a súa discrepancia coa previsión de depositar máis de 221.000 toneladas de sedimentos ao oeste da illa de Tambo e nos bancos marisqueiros ente Campelo e Combarro.

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 13:41:07
Nº Rexistro: 15553
Data envio: 29/04/2021 13:41:07.930

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Demandan a modificación desta parte do proxecto, de maneira que os sedimentos se depositen en mar aberto, fóra das augas da ría de Pontevedra.

No mes de abril de 2019, Portos de Galiza anunciou a intención de cambiar a zona de vertido dos depósitos, trasladándoa ao exterior da ría. Mais non houbo noticias sobre a modificación do proxecto, sobre o orzamento e sobre o prazo para levalo a cabo. A comezos de xuño de 2019, Portos fixo pública a través dun medio de comunicación a intención de trasladar os depósitos a un punto de vertido situado na ría de Arousa, nas proximidades da illa de Sálvora, proposta que suscitou o rexeitamento unánime do sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Arousa.

No mesmo mes de xuño, o parlamento de Galiza aprobou unha proposición non de lei na que se insta á Xunta á elaboración, conforme a normativa vixente e ás directrices existentes respecto deste tipo de actuacións, dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito de materiais procedentes do dragado do río Lérez, de tal forma que se garante que estes non afectarán a ningunha das rías galegas, en especial á ría de Arousa.

Malia este acordo, tanto a conselleira do Mar como a directora de Portos de Galicia seguen defendendo publicamente a proposta de depositar os lodos na ría de Arousa e desbotan a posibilidade de retiralos e tratalos en terra polo seu alto custo e pola incidencia do tráfico de camións no centro da cidade de Pontevedra. A este respecto, a presidenta de Portos falou da necesidade de que 4.000 camións pasen polo centro de Pontevedra e a conselleira elevou a cifra a 11.000.

O pasado martes 27 de abril a directora de Portos de Galicia reuniuse coas confrarías da ría de Pontevedra e informounas de que o proxecto sufriría un novo retraso pola decisión do goberno central de non autorizar novos vertidos no depósito da ría de

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 13:41:07
Nº Rexistro: 15553
Data envio: 29/04/2021 13:41:07.930

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Arousa. Para o BNG esta declaración constitúe unha burla, unha provocación e un insulto a todas as institucións e entidades que levan una década demandando este proxecto fundamental para a rexeneración do fondo da ría e da canle do Lérez, para favorecer a navegabilidade do río e para garantir a operatividade do porto deportivo de Pontevedra. En realidade, máis ben parece unha nova escusa do goberno galego para non facer un proxecto que leva sendo adiando desde fai máis de unha década.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considerou a Xunta de Galiza a posibilidade de retirar e tratar en terra os lodos da canle do río Lérez?

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Manuel Lourenzo Sobral

Rosana Pérez Fernández

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/04/2021 13:39:50

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 29/04/2021 13:39:54

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 13:41:07
Nº Rexistro: 15553
Data envio: 29/04/2021 13:41:07.930

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 29/04/2021 13:39:59

CSV: BOPGDSPGQVrXP0wdj4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15555
Data envio: 29/04/2021 14:38:48.749

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, José Manuel Balseiro Orol, Raquel Arias Rodríguez, Ramón Carballo Páez, Encarna Amigo Díaz, Corina Porro Martinez, Cristina Sanz Arias, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Elena Súarez Sarmiento, Miguel Ángel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Pleno.**

Desde o Grupo Parlamentario Popular, estamos convencidos que un dos piares fundamentais do Estado de benestar é contar cunha boa atención sanitaria a disposición de todos os cidadáns. Para iso, as administracións públicas deben poñer á disposición do sistema sanitario as mellores infraestruturas, equipamento e profesionais e contar cunha ampla carteira de servizos.

Neste senso, cúmprense 10 anos desde que se producira un punto de inflexión na sanidade galega e lucense, que foi a posta en funcionamento do Hospital Universitario Lucus Augusti. Desde a súa inauguración a provincia de Lugo conta cun dos grandes hospitais de Europa, un centro moderno e vangardista. Ademais ao longo destes anos o HULA foi incorporando novos servizos como Hemodinámica, Radioterapia o Medicina Nuclear.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

